
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias para cambiar de criterio no segundo informe reflectido na declaración de impacto ambiental do proxecto de ex-



plotación da concesión derivada Xanceda nº 7138, nos concellos de Frades e Mesía (A Coruña), promovido por ERIMSA

- 51644 (10/POP-006058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos danos causados no patrimonio cultural polas obras de construción dun parque eólico na serra do Oribio, no Courel

- 51655 (10/POP-006059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do traslado a outra localización das instalacións situadas nos terreos de dominio público marítimo-terrestre da Xunqueira de Alba, en Pontevedra

- 51673 (10/POP-006060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os impagamentos aos gandeiros galegos dos operadores intermediarios coas empresas transformadoras do leite

- 51684 (10/POP-006061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os accidentes que se veñen producindo con maquinaria agrícola antiga

- 51689 (10/POP-006062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da oferta de compra presentada para Alcoa por Parter Capital Group no que atinxe ao mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva

- 51694 (10/POP-006063)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa situación da atención primaria no sistema sanitario de Galicia

- 51705 (10/POP-006064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para a realización na comunidade autónoma das probas correspondentes ás once prazas de promoción interna inseridas na oferta pública de emprego dos anos 2017 e 2018 para a Administración de xustiza de Galicia



- 51713 (10/POP-006065)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á modificación polo Goberno central da normativa que regula o IRPF no referido á tributación das axudas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria

- 51721 (10/POP-006066)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a información formal da Xunta de Galicia respecto do anuncio da inclusión da saída sur de Vigo na rede básica europea de transportes

- 51734 (10/POP-006068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración, antes do remate do ano 2019, dun plan estratéxico do xabari que permita coñecer o alcance dos danos ocasionados por esta especie no agro

- 51739 (10/POP-006069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns de Portos de Galicia para concederlle a unha empresa unha área para a almacenaxe de contedores na explanada do porto comercial da Pobra do Caramiñal que reduce de xeito significativo a súa área de traballo

- 51747 (10/POP-006070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das medidas que vai tomar para solucionar a situación de deterioración da atención primaria

- 51753 (10/POP-006071)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha avaliación dos efectos causados no peixe e no marisco pola contaminación xerada pola mina de Touro

- 51762 (10/POP-006072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa garantía da calidade asistencial no centro sociosanitario de Ribadumia

- 51771 (10/POP-006073)

Grupo Parlamentario de En Marea



Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da reapertura da escola unitaria do Colexio Rural
Agrupado de Narón

- 51773 (10/POP-006074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para rematar coa precariedade laboral en Galicia

- 51778 (10/POP-006075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para rectificar a cronificación da pre-
cariedade laboral, da temporalidade e da fenda salarial das mulleres

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos

O Concello de Monforte de Lemos vén padecendo desde hai anos moitas deficiencias no sistema de saneamento e depuración que impiden na actualidade pechar un correcto tratamento do ciclo da auga.

Despois de afrontar, coa decisiva implicación das administracións do Estado e Autonómica, unha posta ao día das súas infraestruturas para o abastecemento-*concretamente, a ETAP de Ribasaltas, nunha actuación orzamentada en máis de 7 millóns de euros-*, a mellora nas infraestruturas e na xestión da rede de saneamento e depuración continúa a ser unha materia pendente, unha cuestión que condiciona a calidade ambiental do río Cabe e do conxunto da poboación.

Un estudo previo realizado por Augas de Galicia en 2008 identificou as principais carencias do sistema de saneamento e depuración de Monforte. Entre outras cuestións, o estudo constataba a importante achega de augas de chuvia ou infiltradas á rede de saneamento, o que provoca que a carga contaminante que chega á estación depuradora de augas residuais (EDAR) sexa moito máis baixa que a de deseño. Por esta razón detéctanse alivios contaminantes de importancia na rede de saneamento.

No mesmo estudo sinalábanse problemas na propia EDAR, unha infraestrutura que segundo o parecer dos técnicos xa entón, estaba próxima ao fin da súa vida útil, constatando múltiples deficiencias como a ausencia dun sistema de desengraxado, o mal funcionamento da decantación secundaria, a falta de eliminación de nutrientes (nitróxeno e fósforo), o deterioro de equipos e a nula automatización da planta.

Este estudo afondouse no ano 2013 cun novo documento traballado sobre o terreo que planificaba un conxunto de actuacións que se consideran necesarias para a mellora do sistema de saneamento e depuración, incidindo na redución das infiltracións e das melloras na estación depuradora.

Aínda que o saneamento e a depuración son servizos básicos que se encadran no conxunto das competencias que os concellos teñen atribuídas na lexislación, a



necesaria colaboración con outras administracións, *-como xa se fixera coa ETAP-*, permitirían desenvolver as actuacións necesarias na EDAR de Monforte.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade ten feito xestións para acadar fondos Feder, inicialmente asignados a proxectos que, por prazos, resultasen inexecutables, e destinalos á depuradora de Monforte. O Ministerio para a Transición Ecolóxica comprometeuse a facer estas xestións pero, ata o momento, non se ten constancia de que as teña realizado.

Sendo o saneamento e a depuración de competencia municipal, segundo o artigo 25 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, e correspondéndolle á Xunta colaborar e prestar apoio aos concellos, a fin de evitar vertidos e velar polo medioambiente, cómpre instar ao Goberno central para que contribúa cos recursos precisos para abordar as actuacións necesarias na EDAR da Pinguela de Monforte.

Sen esquecer, tampouco que a Lei 27/2013 de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, ten reforzado o papel das Deputacións Provinciais como garantes da axeitada prestación dos servizos públicos de competencia municipal.

Á vista desta situación, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central a fin de que poña á disposición os recursos precisos para abordar as actuacións necesarias na EDAR da Pinguela de Monforte de Lemos, contribuíndo así á mellora ambiental do río Cabe e do conxunto da poboación”.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/06/2019 12:42:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Julia Rodríguez Barreira na data 14/06/2019 12:42:35

Martín Fernández Prado na data 14/06/2019 12:42:50

Jaime Castiñeira Broz na data 14/06/2019 12:43:19

Jacobo Moreira Ferro na data 14/06/2019 12:43:39

Marta Novoa Iglesias na data 14/06/2019 12:43:57

Gonzalo Trenor López na data 14/06/2019 12:44:37

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 14/06/2019 12:45:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

O uso e abuso de produtos fitosanitarios na agrogandeiría nos últimos anos aumentou considerablemente. De feito o Estado español, no ano 2016, con case 80.000 tn (fonte Eurostat), liderou o ranking europeo no uso destes produtos, e ten incrementado dende o ano 2011 en máis dun 6% as cantidades empregadas. Galiza non é un caso alleo a esta tendencia. Só en glifosato, por citar o produto que é actualidade polos seus efectos nocivos demostrados e prohibición de uso para o 2022, Galiza tería gastado no 2017 uns 10 millóns de euros.

Esta situación preocupa e podémola considerar de alerta dado o risco certo que este tipo de produtos teñen sobre a saúde.

A pesares de contar cun “Plan de Acción Nacional” para o uso sostible dos produtos fitosanitarios”, no que se marcan as directrices cara un bo uso e diminución destas sustancias; así coma que Galiza ten desenvolto as súas competencias nas inspeccións periódicas dos equipos de aplicación destes produtos, mediante o Decreto 60/2014, de 15 de maio, e de existir un Comité Fitosanitario Galego, a relaxación da Xunta de Galiza nesta cuestión é un feito. Problemáticas xa denunciadas nesta Cámara, coma o uso dos praguicidas sobre eucaliptais rociados en cultivos de Melide con





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Flufenoxuron, no 2012, e que a Consellería do Rural negaba enerxicamente a súa perigosidade, sendo posteriormente vetado pola UE; ou que continua avanzando a desaparición das abellas na Galiza, por mor do uso de moitas destas sustancias; intoxicacións en invernadoiros e cultivos en horta; pois poñen de manifesto a necesidade dun maior control e seguimento sobre cal é a situación real e que incidencia pode estar causando sobre a poboación, e medio ambiente en xeral.

De feito bótase en falta, mesmo no portal de transparencia da Xunta de Galiza, a actividade desenvolta polo Comité Fitosanitario Galego, órgano Colexiado que debe velar polo bo uso deste tipo de sustancias, planificar anualmente medidas de inspección, a seguridade, reducir impactos ambientais derivados do manexo destas sustancias nocivas. Descoñecemos da actividade desenvolta por este organismo e da que non se da publicidade.

Neste sentido sería de interese coñecer como dito organismo ten abordado o problema denunciado pola Fiscalía do Estado no que se solicitou aos gobernos de Galiza e León anular perto de 7.000 carnets de manipulación de produtos fitosanitarios obtidos fraudulentamente entre os anos 2015 e 2016. Ademais dende as centrais sindicais labregas denunciase que moitos destes cursos de formación de manexo foron ridículos, algúns deles obxecto de chistes e pullas que puxeron a proba a inventiva popular.

O problema está aí cruamente. Non vale a relaxación da Administración na súa responsabilidade de controlar o bo uso de herbicidas, insecticidas, fungicidas e demais sustancias químicas de carácter tóxico, de xeito reiterado, con escasa protección e cun manexo deficiente. Por exemplo, algúns destes produtos químicos, os órgano fosforados e carbamatos inhiben a actividade da encima acetilcolinesterasa (ACHE) no tecido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nervioso e nos hematíes de carácter permanente no caso dos órgano fosforados e reversible no grupo dos carbamatos.

Todas aquelas persoas que profesionalmente, ou non, están expostas a un uso cotiá destas sustancias, deben dispor de tódalas garantías por parte da Administración, e dos seus órganos de control, para vixiar e detectar posibles exposicións a niveis de residuos perigosos, a un correcto asesoramento e formación, e informa dos riscos e afeccións a enfermidades crónicas a resultas destes usos e manexos. A aplicación destes produtos ten maior incidencia cando se trata de traballadores de empresas adicadas a labores por conta allea ou en prácticas agrícolas a cuberto en invernadoiros.

Creemos pois necesario que desde a Administración pública, e en particular dende o Comité Fitosanitario Galego, se faga un primeiro estudo entre a poboación de risco, continuado no tempo, establecendo as analíticas nos períodos de aplicación e nos de descanso para contrastar.

A actividade agrogandeira ten en si enfermidades de risco nunca consideradas coma tales.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG considera de xustiza velar pola saúde dos nosos agricultores e gandeiros e en consecuencia presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Diseñar un plan de seguimento entre traballadores e traballadoras das diferentes ramas de actividades agrícolas e gandeiras que utilizan praguicidas que estableza a incidencia que o uso destes ten na saúde dos mesmos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Deseñar un “Plan Galego de control, uso e diminución de produtos fitosanitarios” en beneficio das e dos traballadores das diferentes ramas de actividades agrícolas e gandeiras que utilizan praguicidas e polo que se que reforcen as medidas e garantías de saúde ante a exposición profesional e accidental a este tipo de substancias.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2019 13:03:01

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2019 13:03:10

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2019 13:03:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2019 13:03:28

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2019 13:03:36

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2019 13:03:42



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate e Pleno**.

Exposición de motivos

A Serra do Oribio é un espazo incluído na Rede Natura 2000 de Galicia.

Segundo o Plan Director da Rede Natura e a Lei 8/2009, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, non é posible a instalación de aeroxeneradores eólicos nestes espazos.

Nesa zona existe unha autorización para a construción dun parque eólico do ano 2009 coa aprobación definitiva do proxecto de incidencia supramunicipal, e outra autorización na RESOLUCIÓN de 13 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada LAT 132 kV parque eólico Serra de Oribio-subestación Triacastela, nos termos municipais de Samos e Triacastela (expediente 017/2005-AT).

A veciñanza e colectivos ecoloxistas veñen de denunciar obras no lugar que parecen pertencer ao parque eólico, aínda que puidesen ser tamén da Liña de evacuación de alta tensión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:





- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a ordenar inmediatamente a paralización cautelar das obras iniciadas na Serra do Oribio supostamente para a construción dun parque eólico ate aclarar a legalidade de ditas actuacións.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/06/2019 13:39:21

Marcos Cal Ogando na data 14/06/2019 13:39:35



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**.

Exposición de motivos

A asociación de Enxeñeiros Agrónomos do Estado (ANIAD E) querelouse contra a Coordinadora Rexional de Inspección de Sanidade Vexetal que depende da Subdelegación do Goberno en Pontevedra.

A convocatoria publicada no BOE de 30 de xuño de 2017 mediante Resolución de 23 de xuño convocaba un concurso específico para a provisión de postos de traballo vacantes no Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

Para o posto de coordinación rexional de inspección de sanidade vexetal describíanse as tarefas a realizar:

- 1.- Coordinación funcional das inspección e controles de sanidade vexetal no ámbito dos intercambios con terceiros países, en aplicación da lexislación comunitaria e nacional de controis fitosanitarios de vexetais e produtos vexetais nas importacións e exportacións
- 2.- Realización das inspeccións e controis de sanidade vexetal no ámbito do punto 1 cando procedeses
- 3.- Inspeccións e expedición de certificados fitosanitarios nas exportación e importación de vexetais e produtos vexetais





4.- Supervisión do mantemento e funcionamento das instalacións, e da homoxeneidade dos controis fitosanitarios efectuados nos PIF, dentro da súa área de coordinación.

5.- Tarefas de valoración doo xustiprezo en fincas rústicas derivado da actuación dos Xurados Provinciais de Expropiación forzosa

6.- Disponibilidade en horario de 24 horas.

Entre os requisitos esixidos para o posto con código 937978 non se esixía titulación, inda que o posto corresponde ao grupo A1 (por tanto licenciados superiores, grado ou diplomatura):

1.- Experiencia na aplicación da lexislación nas funcións de inspección e control fitosanitario de vexetais e produtos vexetais

2.- Experiencia no uso de bases de datos: CEXVEG, PQR e EUROPHYT

3.- Coñecemento acreditado doutro idioma da UE

4.- Experiencia en coordinación e supervisión en grupos de traballo.

5.- Experiencia na valoración do xustiprezo nas fincas rústicas por actuar nos XPEF.

6.- Coñecemento acreditado da lingua oficial da CCAA.

Entre os delitos que lle imputa a Coordinadora da Zona I de Sanidade Vexetal en Pontevedra: falsidade en documento oficial e uso de certificación falsa para a obtención do posto de traballo.

A Asociación sinalou na querela que para acceder á súa praza a Coordinadora presentou documentos que acreditaban a experiencia na aplicación da lexislación comunitaria e nacional en funcións de inspección e control fitosanitario de vexetais e produtos vexetais en réxime de importación e exportación, cando en





realidade, podería ser que que nunca tivera e hoxe tampouco o recoñecemento preciso para realizar os controis fitosanitarios nin a traxectoria profesional na materia, aportando un documento acreditativo presuntamente falso.

Ademais, a coordinadora carecería da titulación universitaria para realizar as inspección de Sanidade Vexetal e poder exercer o traballo, nin realizar xamais unha soa inspección fitosanitaria.

A falta de dilixencia da Administración é evidente xa que era coñecedora deste asunto, inda antes da adxudicación do posto en marzo de 2018 e que decidiu non facer ningunha actuación, a sabendas que os principios de mérito e capacidade estaban xa cuestionados, e tamén a correcta eficacia no servizo público.

Isto que parece de perogrullo non o é xa que esta persoa é a responsable na coordinación e toma de decisións nos controis fitosanitarios nos portos e aeroportos, así como no desenvolvemento de procedementos no caso de entrada de organismos nocivos en materia vexetal en toda a rexión fitosanitaria, que inclúe Galicia, Asturias, león, Zamora e Salamanca.

Estamos ante unha situación de risco para o patrimonio natural pola mala xestión e presunto delito por parte de cargos públicos, debido á falta de competencia do coordinador.

Entre as pragas as que se enfrenta o patrimonio natural galego e toda a rexión anexa destacan as seguintes

Aleurocanthus woglumi (Alecwo)

Ceratitis rosa (certro)

Drosophila suzukii (drossu)

Platynota stultana (Plaast)

Lobesia e Columeris oculivitis





Xylella fastidiosa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central a esixir para o desempeño do posto con código 937978 Coordinación Rexional de Inspección de Sanidade Vexetal na provincia de Pontevedra para toda a Zona I, a titulación e formación requirida para a realización do posto de traballo segundo a descrición mesmo, recollida na Resolución de 23 de xuño de 2017 da Subsecretaría, pola que se convoca concurso específico para a provisión de postos de traballo.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 14/06/2019 14:24:31





Antón Sánchez García na data 14/06/2019 14:24:44

Luis Villares Naveira na data 14/06/2019 14:24:56



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o “World Economic Forum” informa que en 2050 haberá no mar máis plásticos que peixes. Os científicos advirten sobre o perigo para o medio ambiente e para os seres humanos do paso de microplásticos a través das cadeas e redes tróficas, xa que moitas especies mariñas son alimentos frecuentemente consumidos. Na actualidade, 14 institucións de 9 países europeos teñen realizado investigacións para coñecer con maior profundidade os efectos dos microplásticos nos seres vivos e nos ecosistemas.

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, coa súa impresionante biodiversidade, tamén está ameazado polo lixo mariño, que pode chegar a rachar o equilibrio ecosistémico e socioeconómico se non se toman medidas en tempo. Ese foi o motivo polo que, en 2018, se actuara na Illa de Sálvora -extraéronse milleiros de obxectos, a inmensa maioría fabricados con plástico, fundamentalmente cordas e cordeis de plástico cun diámetro inferior a un centímetro (un 42 % do total do lixo mariño detectado), microplásticos (21 %) e espumas sintéticas (6 %)- e polo que se decidiu continuar a actuación nas de Ons e Cortegada para este ano 2019.

Os principais obxectivos desta “II Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNMT Illas Atlánticas de Galicia” son:

1. Recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños do parque dende a sustentabilidade e a concienciación, implicando á poboación en xeral e, especialmente, ao sector pesqueiro, entidades do terceiro sector, centros de ensino ou concellos.
2. Fomentar o coñecemento, a xestión e a conservación dos recursos biolóxicos mariños, especialmente na Rede Natura 2000, dos espazos e dos hábitats mariños protexidos nas illas.



3. Fomentar accións de mellora do ecosistema, como a retirada de residuos nos fondos das praias das illas e doutros areas de influencia e a recollida de artes de pesca abandonadas ou perdidas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas inmediatas (incluídas de formación e concienciación) para reducir a presenza de residuos mariños nas praias e fondos mariños de Galicia, recuperando así a biodiversidade e os ecosistemas mariños.

Pazo do Parlamento, 14 de xuño de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/06/2019 17:52:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2019 17:52:13

María Luisa Pierres López na data 14/06/2019 17:52:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/06/2019 17:52:35



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Instituto Galego de Estatística acaba de publicar un estudo sobre os salarios en Galicia no que se reflicte unha caída moi intensa do peso das remuneracións dos asalariados no PIB de Galicia.

Polo exposto presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a definir unha estratexia consensuada con empresas e sindicatos para acadar un reparto máis equitativo da riqueza, o que implica un aumento do peso dos salarios na distribución do PIB.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira





Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 17/06/2019 13:17:50

Julia Torregrosa Sañudo na data 17/06/2019 13:18:04

Luis Villares Naveira na data 17/06/2019 13:18:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as obras desenvolvidas na Serra de Oribio (O Courel) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza (Adega) e a Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO) denunciaron publicamente e tamén diante do SEPRONA, a Consellaría de Economía e Industria e a Consellaría de Cultura, as obras que se están a desenvolver na Serra de Oribio (O Courel). As obras están a danar e pór en risco bens patrimoniais, algúns catalogados, como o Camiño Real –que outrora conectou Vilafranca con Monforte-- a mámoa de Fial ou as Ventas da Braña, do Retorno ou o Portazgo do Oribio (antigo lugar de dereito de paso).

De acordo coa información proporcionada por ambas as dúas entidades, as obras poderían facer parte do proxecto de construción dun parque eólico pola empresa Fergo Galicia Vento S.L. Porén, a entidade non contaría coas autorizacións pertinentes ao ter solicitado unha modificación no proxecto inicial aínda non resolta pola Consellaría de Industria.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Grupo parlamentar do BNG sería gravísimo que a Xunta de Galiza, sendo coñecedora destes feitos non tivese actuado para protexer o patrimonio cultural galego. No entanto, máis grave sería que unha empresa estivese a traballar de maneira ilegal, sen autorización e cunha Declaración de Impacto ambiental caduca sobre un espazo natural protexido como zona de conservación da ZEC Ancares-Courel, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) e, por tanto, zona de Rede natura 2000.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a paralizar de maneira cautelara as obras de construción do parque eólico Serra de Oribio e a iniciar, de maneira urxente, un proceso de investigación sobre os danos causados pola empresa promotora no patrimonio cultural localizado e inventariado nesta zona. Así mesmo, insta o Goberno galego a desenvolver as medidas oportunas para exixir á empresa o cumprimento da lexislación prevendo as sancións que, de acordo co marco normativo actual, fosen pertinentes.”

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/06/2019 18:41:25

Xosé Luis Bará Torres na data 17/06/2019 18:41:36

María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2019 18:41:43

Noa Presas Bergantiños na data 17/06/2019 18:41:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/06/2019 18:41:57

Ana Pontón Mondelo na data 17/06/2019 18:42:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Na Xunqueira de Lérez (tamén coñecida como Xunqueira de Alba) existen varios terreos en dominio público marítimo terrestre con concesións de Costas, con unha superficie aproximada de 17 hectáreas (171.000 m²), das que son beneficiarias varias administracións:

- A Deputación Provincial coa concesión dos terreos para a Imprenta Provincial e para o Parque de Maquinaria.
- A Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para naves de diversos servizos e almacén de maquinaria e vehículos.
- A Dirección Xeral de Costas con diversas dependencias en edificios situados á beira da Avenida de Domingo Fontán e terreos circundantes. Ademais, dispón dunha parcela na que antigamente existiu un campo de fútbol construído pola Deputación.
- A Dirección Xeral de Tráfico con edificacións e espazos colindantes para probas do carné de conducir.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. As administracións deben dar exemplo no relativo ao respecto ao medio ambiente e á recuperación de espazos de dominio público, seguindo o criterio de que non deben estar nesta ubicación as instalacións que non estean relacionadas co dominio público marítimo terrestre e que poidan trasladarse a outro emprazamento. A Xunta de Galiza, e nomeadamente a consellaría de medio ambiente deben predicar co exemplo, renunciando á ampliación do prazo de concesión e iniciando os trámites para trasladar os equipamentos e infraestruturas que actualmente se ubican na Xunqueira de Lérez. Cómpre ter en conta, ademais, que o espazo ocupado pola consellaría ten unha imaxe bastante deplorábel, de maneira que presenta o aspecto dun vertedoiro de residuos, vehículos e maquinaria abandonada.

3. Por parte da Deputación anunciouse a intención de abandonar este emprazamento e trasladar as instalacións do parque de maquinaria e da imprenta a outra ubicación. Desde o BNG entendemos que as demais administracións deberían seguir o mesmo camiño, e que tanto a Dirección Xeral de Costas como o departamento de Medio Ambiente da Xunta deberían liderar este proceso.

4. Cómpre ter en conta que a Xunqueira de Alba conforma un Espazo Natural de Interese Local con 480.000 m² de extensión, declarado en 2012 pola Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galiza. E que os terreos ocupados polas citadas concesións, unha vez liberados das mesmas, permitirían crear unha gran zona verde arborada de grande interese desde o punto de vista ambiental e con potenciais usos recreativos e de lecer.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta á Xunta a

1. Renunciar á ampliación do prazo da concesión dos terreos de dominio público marítimo terrestre na Xunqueira de Alba e iniciar os trámites para o traslado a outro emprazamento das dependencias que actualmente están nestes terreos.
2. Dirixirse á Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Transición Ecolóxica para demandar que se poñan en marcha os trámites para a caducidade das concesións, incluíndo os terreos e dependencias da propia administración xeral do Estado.
3. Colaborar coas demais administracións (Deputación, Concello e Goberno central) para a plena recuperación para uso público dos terreos da Xunqueira de Alba que actualmente están ocupados por instalacións e edificacións da Xunta, Deputación e Administración Central.”

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/06/2019 10:41:34

María Montserrat Prado Cores na data 18/06/2019 10:41:41

Noa Presas Bergantiños na data 18/06/2019 10:41:57

Olalla Rodil Fernández na data 18/06/2019 10:42:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/06/2019 10:42:17

Ana Pontón Mondelo na data 18/06/2019 10:42:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cada pouco aparece nos xornais unha nova que se fai habitual: ...unha persoa morta ó quedar atrapada polo seu tractor...

E o asunto non vai máis alá da dolor solidaria da xente do rural que comprende que iso acontece pola fatalidade e pouco máis.

Mais a realidade é que se producen entre 15 e 20 accidentes con resultado de morte ó ano e que un informe do ISSGA que abrangue o período entre 2016 e novembro de 2.018 fala de 53 mortos.

Nada se sabe dos outros accidentes con feridos que non se contabilizan. Non hai ningún estudo serio sobre o tema aínda que os datos soltos apuntan a que a maioría dos falecidos superan os 65 anos en máquinas de pequenas dimensións, vellas tamén e sen arco de seguridade.

Estes accidentes acontecen xeralmente en traballos domésticos, e amósanos unha actividade agraria e forestal de autoconsumo que teoricamente podería ser catalogada coma residual se non fose que a realidade se impón á teoría.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade fálanos da existencia dunha poboación rural avellentada que continúa xestionando unha boa parte do territorio en réxime de autoconsumo ou de labores agrarios complementarios a tempo parcial. Estas actividades, de escaso valor económico medible, si teñen un alto valor social e de xestión do territorio.

A existencia desta maquinaria, noutro tempo moderna e axeitada á moda, inclúe todo tipo de segadoras, empacadoras e sobre todo tractores e motocultores adaptados a tirar duns remolques feitos á medida que propiciaron unha actividade agraria que os tempos e as condicións "modernas" tiraron por terra xunto coas expectativas de facer do campo a despensa do País.

Pero o problema está aí. A menor axilidade dos pilotos, a falla de barras de seguridade e o exceso de confianza que dá a rutina levan a esta alta taxa de sinistralidade. Trátase de accidentes laborais de xente xubilada? Resulta unha contradición en si mesma. Porque quen xestiona o territorio como fixo toda a súa vida ten dereito a facelo e é necesario socialmente que o faga ou alomenos está a cumprir un alto valor social.

Que facer?

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Elaborar un informe o máis exhaustivo posible cos datos sobre accidentes con maquinaria agrícola nos últimos catro anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Investigar tódolos accidentes con maquinaria agrícola explicitando causas, estado da maquinaria accidentada, persoas implicadas e danos sufridos polas mesmas, elaborando un informe anual conclusivo.

-Deseñar accións formativas prácticas para os usuarios da maquinaria descrita no argumentario.”

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/06/2019 17:08:00

María Montserrat Prado Cores na data 18/06/2019 17:08:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 18/06/2019 17:08:18

Noa Presas Bergantiños na data 18/06/2019 17:08:25

Olalla Rodil Fernández na data 18/06/2019 17:08:31

Ana Pontón Mondelo na data 18/06/2019 17:08:42



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, que continúa, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de Atención Primaria da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia. Recentemente vense de convocar unha nova folga de facultativos de Atención Primaria, que terá lugar no 19 de xuño.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da Atención Primaria. A pesares desta primeira intención, as medidas tomadas foron limitadas e non se percibe impacto delas, e moitas cuestións foron tratadas por parte dos asistentes pero non implementadas. Cabe sinalar que estas xornadas de traballo non contaron ao inicio con colectivos que participan (ou deberan) no deseño e funcionamento da



atención primaria, e que a Xunta tentou de parchear a situación convidando a algúns deles a posteriori, aínda que non a todos.

Ademais de ser un funcionamento criticado, por ineficiente, lento e por non contar cunha representación completa do sistema senón con parte del, a Xunta de Galicia comeza agora a asumir a ineficiencia dos seus primeiros movementos ao abrir novos procesos de traballo ao que ten convidado a participar a expertos profesionais procedentes doutros lugares e con experiencias en gobernos semellantes, estando entre eles referentes de políticas sanitarias desenvolvidas por gobernos socialistas e de progreso.

Esta asunción implícita de ter estado no camiño incorrecto, e adoptar agora unha posición que antes fora rexeitada con soberbia, provoca un novo escenario que segue a ser mirado con desconfianza por unha boa parte do conxunto dos profesionais, que manteñen a convocatoria de folga.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha mesa de diálogo entre os diferentes grupos parlamentarios na que participen os expertos profesionais en xestión sanitaria que a propia Xunta escolleu para desenvolver o novo modelo asistencial e de xestión en atención primaria.
2. Elaborar, nun prazo de tres meses, un documento de referencia de prioridades en termos de recursos humanos dentro do Sergas, co fin de detectar as necesidades máis urxentes e máis amplas en termos de volume de persoal.
3. Elevar a dotación orzamentaria para a atención primaria un 5% anual durante os vindeiros tres anos, dedicando fundamentalmente o incremento a contratación e estabilización do persoal.



4. Afrontar con decisión a negociación cos representantes dos profesionais dos PAC de Galicia para acadar unha solución aos problemas da situación laboral do persoal.
5. Expoñer a súa solución ás vacantes das xefaturas de servizo de atención primaria no área sanitaria de Vigo.

Pazo do Parlamento, 18 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/06/2019 09:31:34

Noela Blanco Rodríguez na data 19/06/2019 09:31:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/06/2019 09:32:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de abril fíxose pública a convocatoria de 11 prazas de promoción interna na administración de xustiza para o ámbito de Galiza (8 prazas de Xestión e 3 de Tramitación), correspondentes á OPE de 2017 e 2018 que se acumulaban, en Coordinación co Ministerio de Xustiza. Para as primeiras presentáronse 60 solicitudes e para as outras un total de 15.

O BOE do pasado venres, día 14 de xuño anunciou que os aspirantes dos ámbitos territoriais de Asturias, Aragón, Galiza e A Rioxa examinaranse en Madrid os días 29 e 30 de xuño. Unha información que xa deu a coñecer o Ministerio o pasado día 6 de xuño na Mesa Sectorial celebrada en Madrid onde se lle comunicou ás representacións sindicais que naqueles ámbitos que non alcanzaran as 100 solicitudes examinaríanse en Madrid.

Unha decisión que foi duramente criticada polos representantes sindicais da CIG, que tamén denunciaron publicamente este feito. Cómpre ter en conta que o desprazamento a Madrid supón un elevado custo económico polas despesas de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desprazamento e aloxamento, polo que algunhas das persoas aspirantes valoran a posibilidade de non presentarse.

O BNG comparte a demanda da CIG para que a Dirección Xeral de Xustiza poña a disposición do Ministerio os medios necesarios para as 75 persoas inscritas poidan realizar as probas en Galiza; xa se fixo así noutras ocasións, nas que se habilitaron espazos da EGAP.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno central demandando que as probas correspondentes a 11 prazas de promoción interna na administración de xustiza para o ámbito de Galiza (8 prazas de Xestión e 3 de Tramitación), correspondentes á OPE de 2017 e 2018, se realicen en Galiza. Para tal fin, a Dirección Xeral de Xustiza colaborará coa posta a disposición do espazo e dos medios humanos e materiais necesarios.”

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/06/2019 13:00:28

María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2019 13:00:33

Noa Presas Bergantiños na data 19/06/2019 13:00:41

Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2019 13:00:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/06/2019 13:00:57

Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2019 13:01:03



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O xabaril, que ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural galego en xeral o agocho perfecto para a súa expansión. A proliferación do bosque e do mato son o escenario perfecto para a súa reprodución.

Os continuos estragos producidos polo xabaril están ocasionando graves problemas de diversa índole, como son os económicos, os ambientais, os sociais ou os de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais de tamaño familiar e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

No relativo aos danos económicos, son moi preocupantes os producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas e noutras producións e cultivos, coma a vide ou a castaña. Esta situación xera que as e os gandeiros non poidan utilizar a herba para alimentar aos seus animais, obrigándoos a mercar o alimento e destinar cartos a algo que poderían ter cuberto de non ser polos estragos deste animal salvaxe.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar, antes de rematar o ano 2019, un plan estratéxico do xabaril, que inclúa, entre outras cuestións, unha estratexia de xestión e de control, facendo fincapé nas zonas de maior concentración destes animais, un mapa de danos, especificando por concello, o tipo de cultivos danados e a superficie afectada, así como un censo de xabarís en Galicia.

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2019





Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/06/2019 10:48:32

Raúl Fernández Fernández na data 20/06/2019 10:48:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/06/2019 10:49:02





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para solucionar a situación de deterioro da Atención Primaria.

A Atención Primaria é o primeiro punto de contacto que teñen as persoas co sistema sanitario público, debería dar resposta a todos os problemas de saúde da poboación, independentemente da idade, sexo, situación persoal... e estar composta por equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación.

Lonxe disto, o PP ten un modelo de Atención Primaria fracasado, que está dificultando o acceso d@s galeg@s á sanidade pública e dificultando a prestación sanitaria de calidade. Está infradotada de persoal e de orzamento, falta de capacidade resolutiva pola imposibilidade de solicitar probas diagnósticas, sen protocolos claros para a derivación hospitalaria. Non resolve, non pode derivar, non pode dar a asistencia que a poboación demanda.

É necesario máis persoal, a convocatoria da totalidade das prazas vacantes. É preciso que remate coa precarización na contratación. O Sergas ten que facer atractiva a oferta laboral para @s profesionais, senón seguirase como até agora, que tras a formación que pagamos entre tod@s acaben contratados na sanidade privada ou





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marchen fóra. Os contratos de continuidade que sacou a Xunta teñen moi escasa aceptación pol@s profesionais @s que en teoría van destinados.

O Partido Popular está empuxando á Atención Primaria cara o precipicio.

A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal, pola presenza dun número de profesionais insuficiente para atender a demanda existente.

Sobrecarga do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas, demoras nas citas de máis dunha semana, de 10 días de media, teléfono desbordado. Todo isto leva a un aumento das persoas que se ven obrigadas a acudir aos PAC para que as atendan, que tamén traballan continuamente baixo mínimos.

Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a cambiar o actual modelo fracasado de Atención Primaria por un no que @s doentes sexan o centro e baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación. Para acadar este obxectivo ínstase a tomar as seguintes medidas:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das prazas vacantes.

2.- Aumentar as prazas de formación para as especialidades de Atención Primaria, nomeadamente, pediatría e medicina familiar e comunitaria.

3.- Aprobar as carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria.

4.- Incorporar na Atención Primaria as categorías imprescindibles para prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas.

5.- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria con capacidade de decisión, resolutiva e orzamentaria.

6.- Aumentar o investimento até chegar ao 25% do orzamento, no inmediato proceder a un aumento de 200 millóns de euros.”

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 12:51:42

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 12:51:49

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 12:51:56

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 12:52:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 12:52:12

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 12:52:20



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Flora Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A oposición á mina de Touro é case unánime. Incluso Augas de Galicia e o Defensor do Pobo advirten acerca do seu inmenso potencial contaminante.

Augas de Galicia vén de abrir un expediente sancionador a Explotaciones Gallegas, máximo accionista de Cobre San Rafael, impulsor da reapertura da mina, por realizar obras non autorizadas na cabeceira do rego Portapego. Segundo a acta de inspección, a empresa desviou o curso do rego e subtraeu augas públicas, polo que o caudal, que arrastraba lodos da mina, rebordou polas rúas de Fontedíaz, en Touro.

Non é a primeira vez que Augas de Galicia sinala o risco tremendo que a mina de Touro supón para a contorna natural. O ano pasado denunciou que tódolos ríos dos arredores estaban xa contaminados, tal e como indicaban os datos das analíticas realizadas e tódolos puntos de control do lugar:

- As augas soterradas presentaban unha calidade ambiental moi baixa. Achouse nelas cadmio e níquel, ademais de zinc e cobre por enriba das medidas anuais, e unha alta acidez.
- As augas superficiais para consumo humano superaron en dous anos (2010 e 2013) os niveis de cadmio.





- No río Lañas superáronse os valores paramétricos de aluminio e manganeso.
- No río Ulla detectáronse picos de ferro en 2008 e 2013.
- Na bacía do río Brandelos observouse unha intensa contaminación de cobre e zinc, ademais dunha elevada acidez.

A contaminación presente na contorna da mina ten, como non podería ser doutro xeito, un efecto moi prexudicial para a natureza. Segundo un estudo realizado por investigadores e investigadoras da Universidade de Vigo, da Universidade de Swansea (Gales) e do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, con sede en Vigo, a actividade mineira que se levou a cabo en Touro entre os anos 1973 e 1986 reduciu o número de salmóns no río Ulla, así como o seu tamaño. O responsable de que isto sucedera foi o cobre que se extraeu da mina. Os investigadores analizaron os restos de metais pesados nas escamas de case 500 salmóns capturados no Ulla durante máis de medio século, de 1951 a 2012, e compararon os valores cunha mostra control tomada no río Miño. A análise demostrou que se producira unha maior bioacumulación de cobre nos peixes do Ulla que coincidía co período de actividade mineira. Foi por iso que se produciu un descenso significativo do número de salmóns no río que aínda hoxe non foi revertido.

Se a actividade mineira de Touro se reactivase, podería afectar tamén ao marisqueo, xa que a contaminación do Ulla chegaría ata a súa desembocadura, na ría de Arousa. Deste xeito, suporía a destrución de postos de traballo respectuosos coa natureza a cambio doutros que porían en risco o medio natural.

Cómpre, polo tanto, preguntarse cal é o efecto que a contaminación detectada por Augas de Galicia ten nestes momentos para as especies animais da contorna da





mina de Touro; cómpre, así mesmo, esixir ao Goberno galego que tome medidas para deter a catástrofe da explotación mineira.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar un estudo para investigar o efecto da contaminación causada pola mina de Touro nos peixes e no marisco.
- 2.- Denegar a autorización ao proxecto mineiro que se pretende abrir nos Concellos de Touro e O Pino polos efectos prexudiciais que terían para o medio ambiente.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 20/06/2019 13:08:10





Flora María Miranda Pena na data 20/06/2019 13:08:22

Luis Villares Naveira na data 20/06/2019 13:08:34



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Cristina Romero Fernández, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A presente iniciativa atopa o seu fundamento na necesidade de adoptar medidas para reducir a factura eléctrica debido ao aumento dos prezos da enerxía eléctrica nos últimos meses. Neste sentido, cómpre ter presente que o prezo da electricidade en España no segundo semestre de 2018 foi o máis caro para os fogares da serie publicada por Eurostat, tras unha suba do 13,8% desde o segundo semestre de 2017.

Así mesmo, o prezo da electricidade para os consumidores non domésticos do noso país incrementouse nun 6,4% entre setembro de 2017 e setembro de 2018, poñendo en risco a competitividade de todo o tecido produtivo e nomeadamente da industria, coas empresas electointensivas á cabeza. Todas elas están á espera de que o Goberno do Estado cambie de política enerxética co obxectivo de ofrecer un prezo eléctrico que lles permita competir en igualdade de condicións co resto de Europa.

A tal efecto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia considérase urxente propoñer a supresión do imposto sobre o valor da produción eléctrica e que se adopten os mecanismos necesarios para garantir que o impacto desta medida chegue integramente a todos os consumidores eléctricos españois e galegos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados para solicitar a modificación urxente da Lei 15/2012, de 27 de decembro, de medidas fiscais para a sostibilidade enerxética, aos efectos de suprimir o imposto sobre o valor da produción eléctrica e que esta supresión se traslade integridade na rebaixa da factura eléctrica de fogares e empresas”.



Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/06/2019 13:48:48

Marta Novoa Iglesias na data 20/06/2019 13:49:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/06/2019 13:49:59

Maria Antón Vilasánchez na data 20/06/2019 13:50:26

Moisés Blanco Paradelo na data 20/06/2019 13:50:43

Cristina Isabel Romero Fernández na data 20/06/2019 13:51:01

Moisés Rodríguez Pérez na data 20/06/2019 13:51:21

Sandra Vázquez Dominguez na data 20/06/2019 13:51:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Cristina Romero Fernández, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No día de onte recolleuse na prensa a noticia de que o Ministerio para a Transición Ecolóxica rexeita a petición reiterada do Grupo PSA de enganche do polígono de Balaídos á rede de 200 kilovoltios que atravesa Porriño para mellorar a fiabilidade do servizo de subministración eléctrica e abaratar o custo da factura eléctrica, colocándose na mesma condición que outras fábricas da multinacional francesa no Estado, como Zaragoza.

O proxecto, cun investimento aproximado de 70 millóns de euros, está incluído na planificación vixente 2015-2020 de Rede Eléctrica de España para desenvolver novas infraestruturas da rede de transporte, contando co respaldo da Xunta de Galicia. Trátase dun documento que foi sometido ao Congreso dos Deputados e aprobado por acordo do Consello de Ministros do Goberno de Mariano Rajoy. Sen embargo, o actual equipo da Secretaria de Estado de Enerxía, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica, segue sen aprobar a declaración de excepcionalidade por parte do Goberno central que resulta necesaria para autorizar esta actuación.

Trátase, polo tanto, dunha decisión do Goberno socialista que volve ir en contra do desenvolvemento e o emprego industrial na comunidade galega, xa que a planta de PSA en Balaídos é actualmente a única gran fábrica española de coches sen enganche a 220 ou 400 kilovoltios.

Para entender o impacto desta desafortunada decisión cómpre recordar que o sector da automoción xera 22.300 empregos directos en Galicia, a maior cifra dos últimos dez anos, e que esta cifra supón ao redor do 13% da nosa ocupación industrial. Unha evolución positiva dun sector estratéxico para o presente e o futuro do galegos e das



galegas, que está estreitamente relacionado aos novos proxectos e ao crecemento da produción conseguidos pola planta de Balaídos do Grupo PSA, co respaldo do Goberno galego.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia quere sumarse ao respaldo da subestación eléctrica que necesita a planta de PSA en Balaídos, para non prexudicar a súa competitividade, así como o conxunto da cidadanía de Vigo, por elo, preséntase a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica para que cumpra coa planificación vixente 2015-2020 de Rede Eléctrica de España, sometida ao Congreso dos Deputados a aprobada por Acordo do Consello de Ministros do anterior Goberno de Mariano Rajoy, levando a cabo todas as medidas necesarias para desbloquear este investimento e iniciar a construción dunha nova subestación para atender a demanda industrial de Balaídos e conectar a Vigo á rede de transporte de 220 kilovoltios, facilitando unha subministración eléctrica moderna con capacidade de ofrecer estabilidade ao servizo e un abaratamento da factura eléctrica, tal e como estaba previsto”.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/06/2019 13:57:22

Teresa Egerique Mosquera na data 20/06/2019 13:57:42

María Ángeles Garcia Míguez na data 20/06/2019 13:57:58

Marta Novoa Iglesias na data 20/06/2019 13:58:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/06/2019 13:58:28

Maria Antón Vilasánchez na data 20/06/2019 13:58:48

Moisés Blanco Paradelo na data 20/06/2019 13:59:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Cristina Isabel Romero Fernández na data 20/06/2019 13:59:27

Moisés Rodríguez Pérez na data 20/06/2019 13:59:47

Sandra Vázquez Dominguez na data 20/06/2019 14:00:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG56QESZc0a8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servizos sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O informe do Consello de Contas de 2016, ademais de alertar sobre ineficiencias na xestión da Consellería de Política Social, e especialmente no eido de atención aos maiores e ás persoas dependentes. Chama a atención este informe tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos centros residenciais, en especial daqueles cuxa xestión está privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do cociente do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais, do uso inadecuado das instalacións, das deficiencias nos protocolos de funcionamento, da falta de rigor dos rexistros... A pesares de que estes son factores que repercuten na calidade do servizo que se presta aos residentes, a Xunta de Galicia non iniciou expedientes sancionadores nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron posteriormente a ser notificadas.

O caso específico do centro situado en Ribadumia resulta paradigmático dos problemas laborais que redundan en problemas de calidade asistencial, nestes centros residenciais que prestan servizos en concesión para a Xunta de Galicia.

Neste centro os traballadores e traballadoras veñen manifestando recentemente as súas queixas coa dirección do centro e da empresa concesionaria, pola alteración unilateral e non xustificada de quendas, o exceso de labores a afrontar para un



volume de persoal menor do minimamente necesario e pola desatención das propias reivindicacións que se vén facendo dende a dirección.

Estas situacións provocan, a pesares do esforzo dos/as traballadores/as do centro, unha perda de calidade na atención as persoas alí residentes. O colectivo do persoal traballador ten feito públicas algunhas situacións non aceptables á que se vén obrigados para cumprir, minimamente coas tarefas asignadas. Alterar notoriamente os horarios dos residentes, incluso asealos a horas intempestivas para poder cadrar horarios, atender de maneira desordenada durante comidas a pacientes, provocarse demoras forzadas de excesivos tempos para o traslado de persoas a estancias do centro e outras cuestións que para o persoal supón un custo persoal sobre a capacidade de desenvolver correctamente as súas funcións.

Estas, e outras situacións, danse polo desleixo e abandono da Xunta de Galicia na súa función de vixiar e controlar que o servizo se preste nas mellores condicións, e pola desatención e desapego á hora de garantir as condicións laborais necesarias para o conxunto de traballadores e traballadoras dos centros residenciais, en específico neste caso para o centro de Ribadumia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar da empresa concesionaria un informe sobre a situación laboral dos traballadores/as dos centros que traballen en concesión coa Xunta de Galicia, e en específico un sobre a situación particular do centro de Ribadumia.
2. Mediar na situación de conflictividade existente para tratar de garantir a mellor calidade asistencial e os dereitos laborais dos/as traballadores/as do centro.

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2019 16:49:27

Noela Blanco Rodríguez na data 20/06/2019 16:49:38





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 16:52:39
Nº Rexistro: 51760
Data envío: 20/06/2019 16:52:39.521

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/06/2019 16:49:47

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG56QESZcOa8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para rematar coa precariedade laboral da clase traballadora galega.

O informe que ven de publicar o IGE sobre a remuneración do factor de traballo na economía galega, en comparación co Estado español e coa Unión Europea, mostra que a clase obreira galega a que das máis prexudicadas polos ataques sufridos en beneficio do capital como as reformas laborais.

Segundo este informe no ano 2009 o peso dos salarios en Galiza representaban o 48% do PIB, pasando a representar o 42.4% no 2018, unha rebaixa de 5.6 puntos en tan só nove anos.

A remuneración da hora efectiva de traballo está en Galiza en 17 euros, mentres na media da UE é de 23.7 euros, é dicir que @s galeg@s cobran de media o 72% da UE. Unha media de 6.7 euros menos, e 2.7 euros menos ca media do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outros datos que reflicte o estudo do IGE é que o 24% d@s galeg@s realizan xornadas laborais por enriba das corenta horas e que se fan fóra da xornada de traballo moitas horas, e no referido á remuneración un 22.1% recoñecen que non son compensados en tempo libre nin economicamente cando realizan horas extraordinarias.

Estes datos móstrannos ás claras como a consecuencia da aplicación de políticas económicas profundamente neoliberais e as modificación lexislativas contrarias á maioría social levan á miles de galeg@s a situacións laborais límites, ao tempo que se está a producir un fraude á Seguridade Social e a Facenda.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar todas as actuacións precisas para que a inspección de traballo actúe para verificar a aplicación do “registro efectivo de xornada” e a lexislación laboral.

2.- A dirixirse ao Goberno español demandando que de maneira inmediata proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.”

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019.”

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 17:35:00

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 17:35:10

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 17:35:16

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 17:35:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 17:35:30

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 17:35:37



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A escola unitaria do CRA de Narón foi pechada no mes de xuño de 2018 por non conseguir o número mínimo de alumnos (6) requirido pola Consellería de Educación. A Xunta asegurou entón que a clausura non era definitiva, senón que podería ser revocada no caso de que no próximo curso se matriculasen suficientes rapaces. Unha vez aberto o prazo de admisión para o curso 2019-2020, a unitaria recibiu as seis solicitudes que precisaba.

O 28 de marzo aprobouse no pleno do concello de Narón unha Moción para instar á Consellería de Educación a reabrir a escola de Pedroso, tal e como se comprometera a facer. Porén, a Consellería ignorou as demandas do pleno.

O 17 de abril, en plena campaña electoral das eleccións xerais e na precampaña das eleccións municipais, a Consellería de Educación recibiu unha representación das familias que reclamaban a reapertura do centro. Foron da man do candidato á alcaldía de Narón do Partido Popular, Germán Castrillón. Nesa xuntanza, a conselleira subliñou a importancia que tiñan para ela as escolas do rural. Non obstante, non fixo nada para garantir a reapertura da unitaria, como se comprometera a facer o Goberno galego no seu día.

Por esta razón, os pais e nais dos alumnos e alumnas, así como a comunidade educativa, convocou o 21 de maio unha concentración diante da escola. A mobilización repetiuse tódolos martes para esixir unha resposta da conselleira.





Tamén se recolleron un total de 1.600 firmas que foron entregadas por rexistro e en man á conselleira. A conselleira manifestou entón que tiña a vontade de reabrir a escola. No mesmo sentido manifestouse o xefe territorial.

Con todo, a día de hoxe aínda non se adoptaron medidas para que a escola unitaria do CRA de Narón abra con normalidade o vindeiro curso.

A situación é deshonesto e inxusta. Deshonesto, porque supón o incumprimento flagrante dunha promesa do Goberno galego á cidadanía de Narón; e inxusta, porque o censo municipal garantiría a continuidade do centro. No ano 2017 naceron 7 nenos e nenas; no ano 2018, 9; e no que vai de 2019 5.

A pesar de todo, se este ano non se reabre o centro é posible que non se volva abrir xamais.

Deste xeito, a Xunta de Galicia sumaría nesta que chama a “lexislatura do rural” unha nova escola rural pechada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reabrir a escola unitaria do CRA de Narón, tal e como se comprometeu facer.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.





Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/06/2019 17:32:54

Luca Chao Pérez na data 20/06/2019 17:33:06

Luis Villares Naveira na data 20/06/2019 17:33:40







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de maio de 2019.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

ALVAREZ, BLANCA

Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 17/06/2019 13:03:57

CSV: BOPGDSPG56QESZcOa8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
tación: <https://sede.xunta.gal/cve/>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación
e Orzamentos

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 110 / Fax: 981 545 194
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

galicia

ANEXO I: modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de maio de 2019

| REFERENCIA | CONSELLERÍA /OO.AA | IMPORTE |
|-----------------|---|--------------|
| XC-11.A2-001-19 | Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos | 2.005.254,79 |





| | |
|-------------------------|--|
| ASUNTO | Modificacións de crédito: expediente para acordo |
| TIPO DE TRÁMITE | INCORPORACIÓN DE CRÉDITO |
| REFERENCIA | XC-11.A2-001-19 |
| ENTIDADE / ORGANISMO | Axencia Turismo de Galicia |
| DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE | Axencia Turismo de Galicia |
| DATA DE APERTURA | 10-05-2019 |

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

XC-11.A2-001-19

1.1.2. Descrición operación

Informe sobre a incorporación do remanente de tesourería no importe de dous millóns cinco mil douscentos cincuenta e catro euros e setenta e nove céntimos(2.005.254,79€).

Xeración de crédito por importe de dous millóns cinco mil douscentos cincuenta e catro euros e setenta e nove céntimos (2.005.254,79€), en aplicacións orzamentarias correspondentes aos capítulos VII e VIII, do seu orzamento de gastos, financiados con remanente de tesourería non afectado

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

| MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA EXPLICACIÓN | Código | APLICACIÓN | Programa | IMPORTE euros | CONSOLIDABLE euros |
|--|--------|-------------|----------|------------------|-----------------------|
| Axudas a empresas | 40 | 11.A2.770.0 | 761A | 100.000,00 | |
| A familias e institucións sen fin de lucro | 40 | 11.A2.780.0 | 761A | 50.000,00 | |
| A familias e institucións sen fin de lucro | 40 | 11.A2.781.0 | 761A | 1.400.000,00 | |
| A empresas privadas | 40 | 11.A.831.07 | 761A | 455.254,79 | |
| Total | | | | 2.005.254,79 | |

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 83.4 e 83.6) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.

Artigo 10 da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2019.





1.2.3. Exposición

O artigo 10 da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2019, establece con carácter xeral a obriga das axencias públicas autonómicas de transferir ao orzamento xeral da Comunidade Autónoma o remanente líquido de Tesourería.

Non obstante o anterior, a Axencia de Turismo de Galicia, ante a necesidade de atender determinadas necesidades, para as que carece de crédito adecuado e suficiente no orzamento de gastos remite expediente ao que se refire o artigo 83.6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico, para proceder á incorporación de parte do remanente de tesourería non afectado correspondente a 2018.

| | CONCEPTO | IMPORTES |
|----|--|----------------------|
| 1. | + DEREITOS PENDENTES DE COBRO | 22.595.891,62 |
| | Do orzamento corrente | 22.081.267,59 |
| | De exercicios anteriores | 187.018,49 |
| | De operacións extraorxamentarias | -66.294,56 |
| | Cobros realizados pendentes de asignación definitiva | 393.900,10 |
| 2. | - OBRIGAS PENDENTES DE PAGO | 17.204.951,44 |
| | Do orzamento corrente | 15.690.833,63 |
| | De exercicios anteriores | 899,83 |
| | De operacións extraorxamentarias | 1.515.576,89 |
| | Pagamentos realizados pendentes de asignación de | -2.358,91 |
| 3. | Fondos líquidos | 4.621.745,41 |
| 4. | Remanente de tesourería total (1 -2 + 3) | 10.012.685,59 |
| 5. | Remanente afectado | 1.063.547,70 |
| 6. | Remanente non afectado (4-5) | 8.949.137,89 |

A parte do remanente de tesourería que pretende utilizar a axencia de Turismo de Galicia ascende a un total de 2.005.254,79 €.

Co obxecto de garantir o equilibrio orzamentario na medida en que non se cumpran as previsións de ingresos, deberán reducirse os límites de obrigas na mesma contía, o que implica a necesidade de realizar ao peche do exercicio baixas en fondos propios se os ingresos recoñecidos non dan cobertura aos gastos a realizar.

En consecuencia a incorporación do remanente de tesourería non afectará a estabilidade orzamentaria, polo que se emite informe favorable á incorporación do mesmo no importe de 2.005.254,79 €.

As necesidades a atender se corresponden co seguinte detalle:

- 1- Ampliación da orde de convocatoria de axudas a proxectos de dinamización do Xacobeo 2021.
Rematado o prazo de solicitudes, resultou un éxito de convocatoria con cerca de 700 solicitudes polo que xurde a necesidade de ampliar o orzamento de dita convocatoria como consecuencia de





dous circunstancias extraordinarias non previstas, por un lado a necesidade de involucrar á poboación en xeral no proxecto do Xacobeo 2021 evitando a frustración das súas expectativas e por outra, a necesidade dunha maior difusión e promoción do Xacobeo 2021 que alcanzase co desenvolvemento dunha programación feita por todos e que chegará a todos os recunchos da nosa Comunidade

Polo tanto, precísanse as seguintes contías:

100.000€ para o ano 2019 na aplicación orzamentaria 11.A2.761A.770.0 proxecto 2018-00002

1.400.000€ para o ano 2019 na aplicación orzamentaria 11.A2.761A.781.0 proxecto 2018-00002

- 2- Así mesmo, como consecuencia dos imprevistos xurdidos no procedemento de concesión do monte do gozo, resultou necesario imputar ao exercicio 2019 as contías necesarias para asumir os gastos desta concesión polo que é necesario contar co crédito necesario para poder acometer a necesaria e urxente restauración do Pazo Oca-Valladares que é un dos edificios renacentistas máis importantes de Galicia de mediados do século XVI, que alberga o Liceo da Cidade de Ourense e precisa urxente reparación para desfrute de turistas e peregrinos

En consecuencia precísase dotar con 50.000€ a aplicación orzamentaria 11.A2.761A.780.0, proxecto 2015-00005.

- 3- Finalmente polo que se refire a sociedade Estacion de Inverno Manzaneda, S.A., da que Turismo de Galicia é accionista, as contas anuais da sociedade, aprobadas pola xunta xeral de accionistas de 12 de abril de 2019 e auditadas por Ernst & Young, poñen de manifesto a existencia dun patrimonio neto negativo de 1.260.978,00€ que sitúan á sociedade nunha situación de desequilibrio patrimonial, polo que a Xunta Xeral de socios celebrada o día 12 de abril, acordou propoñer a achega necesaria por parte dos socios por medio de un préstamo participativo, que permita evitar a situación legal de disolución e dote dos recursos financeiros necesarios para a súa actividade.

A contía que corresponde aportar á Axencia Turismo de Galicia en razón o seu porcentaxe accionarial e de 455.254,79€ polo que é preciso ampliar o crédito na aplicación orzamentaria 11.A2.761A.831.07, proxecto 2016 00009.

| SOCIO | Capital social | nº accións | % Particip. | Desembolso préstamo participativo |
|-------------------------------|------------------|----------------|-------------|-----------------------------------|
| AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA | 1.526.400 | 61.056 | 49,88% | 455.254,79 |
| DEPUTACIÓN DE OURENSE | 1.510.800 | 60.432 | 49,37% | 450.602,02 |
| CENTRAL HOTELERA HOTELALIA | 14.150 | 566 | 0,46% | 4.220,29 |
| CONCELLO DE TRIVES | 4.325 | 173 | 0,14% | 1.289,95 |
| CONCELLO DE MANZANEDA | 4.325 | 173 | 0,14% | 1.289,95 |
| Total desembolso | 3.060.000 | 122.400 | 100% | 912.657,00 |

As necesidades anteriores se resumen como sigue:





| Aplicación | Proxecto | Importe |
|-------------------|------------|-----------------------|
| 11.A2.761A.770.0 | 2018-00002 | 100.000,00 € |
| 11.A2.761A.780.0 | 2015-00005 | 50.000,00 € |
| 11.A2.761A.781.0 | 2018-00002 | 1.400.000,00 € |
| 11.A2.761A.831.07 | 2016-00009 | 455.254,79 € |
| TOTAL | | 2.005.254,79 € |

Polo referido importe propónse unha xeración de crédito que se financiaría co remanente no afectado, que a Axencia de Turismo de Galicia incorpora ao orzamento de gastos

Polo anterior e ao amparo do previsto nos artigos 83.4 e 83.6) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico e 10 da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2019, sométese a súa consideración expediente de modificación orzamentaria e informe sobre a incorporación do remanente de tesourería nos termos da proposta

| SANTIAGO DE COMPOSTELA | SANTIAGO DE COMPOSTELA |
|---------------------------|--------------------------------------|
| Director Xeral | Conselleiro de Facenda PD-10-02-2015 |
| Miguel Corgos López-Prado | Miguel Corgos López –Prado |





| | |
|---------|--|
| ASUNTO | Modificacións de Crédito Tramitadas: Informe para o Parlamento |
| PERÍODO | Maior 2019 |

1. AMPLIACIÓN/BAIXA

1.1. EXPEDIENTE AB-00-019-19

(Código exp. CODEX AB-2019-211-00200003)

1.1.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo 7, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para 2019, por importe de 442.000,00 €. A ampliación é como consecuencia dun acordo de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o cofinanciamento do Proxecto Código 100.

1.1.2. Partidas orzamentarias de destino

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|-------------------------|------------|------|------|------------|--------------|
| 001 | 18 | 12.01..411A.73007 | Servizo Galego de Saúde | 2016.00409 | 1010 | N | 442.000,00 | 0,00 |

1.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|------------------------------|------------|------|------|------------|--------------|
| 001 | 15 | 09.10..561A.73207 | AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN | 2015.00281 | 1010 | N | 442.000,00 | 0,00 |

1.2. EXPEDIENTE AB-00-020-19

(Código exp. CODEX AB-2019-214-00100004)

1.2.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO en varias aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento da Consellería de Política Social para a anualidade 2019 por importe de 898.450,00 € para desenvolver medidas previstas no pacto de estado contra a violencia de xénero en virtude do acordo de colaboración subscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Política Social.

1.2.2. Partidas orzamentarias de destino

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|--|------------|------|------|------------|--------------|
| 001 | 21 | 13.01..311A.44207 | Transferencias a Consorcios participados maioritariamente pola | 2018.00112 | 3010 | N | 120.000,00 | 0,00 |
| 001 | 21 | 13.02..312B.228 | Gastos de funcionamento de centros e servizos sociais. | 2018.00112 | 3010 | N | 315.000,00 | 0,00 |
| 001 | 21 | 13.02..312B.4810 | Transferencias correntes a institucións sen fins de lucro. | 2018.00112 | 3010 | N | 65.000,00 | 0,00 |
| 001 | 21 | 13.03..313C.6401 | Gastos en investimentos de carácter inmaterial. | 2018.00112 | 3010 | N | 15.000,00 | 0,00 |
| 001 | 21 | 13.04..312E.22606 | Gastos diversos. Reunións, conferencias e cursos. | 2018.00112 | 3010 | N | 65.000,00 | 0,00 |
| 001 | 21 | 13.05..312F.22606 | Gastos diversos. Reunións, conferencias e cursos. | 2018.00112 | 3010 | N | 75.000,00 | 0,00 |
| 001 | 21 | 13.05..312F.4600 | Transferencias correntes a corporacións locais. | 2018.00112 | 3010 | N | 75.000,00 | 0,00 |
| 001 | 21 | 13.05..312F.4810 | Transferencias correntes a institucións sen fins de lucro. | 2018.00112 | 3010 | N | 150.000,00 | 0,00 |
| 001 | 21 | 13.05..313A.22606 | Gastos diversos. Reunións, conferencias e cursos. | 2018.00112 | 3010 | N | 8.450,00 | 0,00 |
| 001 | 21 | 13.05..313A.22799 | Traballos realizados por outras empresas. Outros. | 2018.00112 | 3010 | N | 10.000,00 | 0,00 |

1.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO entre conceptos do capítulo 2, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, por importe de 70.000,00 €, con destino a gastos en bens correntes e de servizos. Esta transferencia ten por finalidade dotar crédito no artigo 20 do programa 412A do orzamento do centro 3603-Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés, para dispor do crédito necesario para o arrendamento de diversos equipos sanitarios.

6.1.2. Partidas orzamentarias de destino

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-----------------|---------------------------------------|------------|------|------|-----------|--------------|
| 103 | 50 | 36.03..412A.203 | Maquinaria, instalacións e utensilios | 2014.00042 | 1010 | N | 70.000,00 | 0,00 |

6.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-----------------|---------------------------------------|------------|------|------|-----------|--------------|
| 103 | 50 | 36.03..412A.213 | Maquinaria, instalacións e utensilios | 2014.00042 | 1010 | N | 70.000,00 | 0,00 |

6.2. EXPEDIENTE TR-15-020-19

(Código exp. CODEX TR-2019-223-00200001)

6.2.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de dezaseís mil douscentos trinta e sete euros con setenta e dous céntimos (16.237,72€) entre conceptos orzamentarios do capítulo II do programa 721A do orzamento de gastos da Consellería do Mar, para dotar o concepto de custodia, depósito e almacenaxe.

6.2.2. Partidas orzamentarias de destino

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|---------------------------------|------------|------|------|-----------|--------------|
| 001 | 19 | 15.01..721A.22704 | custodia, depósito e almacenaxe | 2015.00606 | 1010 | N | 16.237,72 | 0,00 |

6.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-----------------|---------------------------------|------------|------|------|-----------|--------------|
| 001 | 19 | 15.01..721A.202 | edificios e outras construcións | 2015.00606 | 1010 | N | 10.875,48 | 0,00 |
| 001 | 19 | 15.01..721A.204 | material de transporte | 2015.00606 | 1010 | N | 5.362,24 | 0,00 |

6.3. EXPEDIENTE TR-23-007-19

(Código exp. CODEX TR-2019-229-00200001)

6.3.1. Descrición

A transferencia de crédito en trámite ten por obxecto dotar de crédito suficiente o concepto 221.- "subministración" por importe de 25.000 € e o concepto 227.- "traballos realizados por outras empresas" por importe de 5.000 € do servizo 01.- Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio da sección 23.- Gastos de diversas consellerías como consecuencia do déficit xerado polo pago da "Taxa de supervisión, análise, asesoramento e seguimento da política fiscal" que establece a disposición adicional segunda da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

6.3.2. Partidas orzamentarias de destino

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|-----------------------------------|------------|------|------|----------|--------------|
| 001 | 12 | 23.01..621A.22100 | subministración enerxía eléctrica | 2015.00625 | 1010 | N | 3.000,00 | 0,00 |





| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|---|------------|------|------|-----------|--------------|
| 001 | 12 | 23.01..621A.22101 | subministración auga | 2015.00625 | 1010 | N | 2.000,00 | 0,00 |
| 001 | 12 | 23.01..621A.22103 | subministración combustible | 2015.00625 | 1010 | N | 10.000,00 | 0,00 |
| 001 | 12 | 23.01..621A.22199 | outros subministración | 2015.00625 | 1010 | N | 10.000,00 | 0,00 |
| 001 | 12 | 23.01..621A.22707 | remuneración axentes mediadores independentes | 2015.00625 | 1010 | N | 5.000,00 | 0,00 |

6.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-----------------|---|------------|------|------|-----------|--------------|
| 001 | 12 | 23.01..621A.212 | mantemento edificio e outras construcións | 2015.00625 | 1010 | N | 30.000,00 | 0,00 |





7. BAIXA

7.1. EXPEDIENTE BC-05-001-19

(Código exp. CODEX BC-2019-177-00100001)

7.1.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 37.357,10 € NO PROGRAMA 313D DE FONDOS FINALISTAS CORRESPONDENTES AO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

7.1.2. Partidas orzamentarias de destino

7.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|--|------------|------|------|-----------|--------------|
| 001 | 11 | 05.11..313D.22799 | OUTROS | 2018.00112 | 3010 | N | 16.044,71 | 0,00 |
| 001 | 11 | 05.11..313D.4700 | fomento acceso mercado laboral vítimas violencia de xénero | 2018.00112 | 3010 | N | 21.312,39 | 0,00 |

7.2. EXPEDIENTE BC-08.A1-002-19

(Código exp. CODEX BC-2019-3-00100001)

7.2.1. Descrición

Baixa de crédito por un importe de 317.539,95 € no capítulo VI da Axencia Galega de Infraestruturas para transferencia de crédito ao capítulo VI da Dirección Xeral de Mobilidade para licitación de traballos técnicos derivados das novas concesións de servizos de transporte público de viaxeiros no marco do Plan de Transporte Público de Galicia.

7.2.2. Partidas orzamentarias de destino

7.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|------------------|--|------------|------|------|------------|--------------|
| 302 | 10 | 08.A1..512B.6101 | Infraestruturas de mellora da accesibilidade | 2018.00013 | 1010 | N | 317.539,95 | 0,00 |

7.3. EXPEDIENTE BC-09.A3-001-19

(Código exp. CODEX BC-2019-4-00100001)

7.3.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO na aplicación orzamentaria 09.A3.561A.770.0, código de proxecto 2016 00006, por importe de 442.000 euros.

O obxecto desta modificación de crédito é dar de baixa o crédito nos orzamentos da Axencia Galega de Innovación (GAIN) para poder transferir o importe ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e que este poida tramitar a ampliación de crédito polo antedito importe, na aplicación orzamentaria que ten asignada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

7.3.2. Partidas orzamentarias de destino





7.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|------------------|------------------------|------------|------|------|------------|--------------|
| 304 | 10 | 09.A3..561A.7700 | ACTUACIÓNS DE I + D +I | 2016.00006 | 1010 | N | 442.000,00 | 0,00 |

7.4. EXPEDIENTE BC-11.A2-001-19

(Código exp. CODEX BC-2019-1-00100003)

7.4.1. Descrición

A presente modificación ten por finalidade proceder á baixa de crédito nas aplicacións 11.A2.761A.120.00 e 11.A2.761A.160.00, código de proxecto 2016-00008, co obxecto de transferir 83.362,50€ dende as aplicacións anteriores de Turismo de Galicia ás aplicacións 11.10.431A.110.00 e 11.10.431A.160.00 da Consellería de Cultura e Turismo en relación coa contratación de persoal para a realización de diferentes actividades de apoio dirixidas á organización do Xacobeo 2021.

7.4.2. Partidas orzamentarias de destino

7.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|-----------------------|------------|------|------|-----------|--------------|
| 306 | 10 | 11.A2..761A.12000 | Saldos subgrupo A1 | 2016.00008 | 1010 | N | 64.125,00 | 0,00 |
| 306 | 10 | 11.A2..761A.16000 | Seguridade social | 2016.00008 | 1010 | N | 19.237,50 | 0,00 |

7.5. EXPEDIENTE BC-11.A2-002-19

(Código exp. CODEX BC-2019-1-00100002)

7.5.1. Descrición

A presente modificación ten por finalidade proceder á baixa de crédito nas aplicacións 11.A2.761A.480.0 (código de proxecto 2015-00006) e 11.A2.761A.640.0 (código de proxecto 2018-00002), por importes de 200.000,00€ e 100.000,00€ respectivamente, pola achega que lle corresponde a Turismo de Galicia para o desenvolvemento do programa "Cultura no Camiño" nos concellos das rutas xacobeas e de apoio o programa de axudas aos festivais de artes escénicas e musicas que se desenvolverán no 2019 por parate de Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Igualmente por parte da Consellería de Cultura e Turismo e de AGADIC tramitaranse os correspondentes documentos de modificación de crédito nas aplicacións orzamentarias correspondentes segundo o acordo asinado.

7.5.2. Partidas orzamentarias de destino

7.5.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|------------------|--|------------|------|------|------------|--------------|
| 306 | 10 | 11.A2..761A.4800 | Transferencias correntes a familias | 2015.00006 | 1010 | N | 200.000,00 | 0,00 |
| 306 | 10 | 11.A2..761A.6400 | Gastos en investimentos de carácter inmaterial | 2018.00002 | 1010 | N | 100.000,00 | 0,00 |





7.6. EXPEDIENTE BC-12.80-002-19

(Código exp. CODEX BC-2019-59-00100002)

7.6.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO no capítulo I, programa 412A, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para 2019, por importe de 24.805,80 €. A baixa de crédito efectúase como consecuencia do financiamento para unha transferencia dende a aplicación 1201/411A/430.07 á aplicación 432.14 (Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde-ACIS), para o financiamento dos soldos dunha persoa do grupo C2.

7.6.2. Partidas orzamentarias de destino

7.6.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|-----------------------|------------|------|------|-----------|--------------|
| 103 | 50 | 50.01..412A.12102 | Outros complementos | 2016.00014 | 1010 | N | 24.805,80 | 0,00 |

7.7. EXPEDIENTE BC-12.80-003-19

(Código exp. CODEX BC-2019-59-00100003)

7.7.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO no capítulo VI, programa 411A, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para 2019, por importe de 6.128,10 €. A baixa de crédito efectúase como consecuencia do financiamento para unha transferencia dende a aplicación 1201/411A/730.07 á aplicación 151- Gratificacións, para o financiamento de gratificacións por traballos fóra da xornada laboral do persoal destinado na Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.

7.7.2. Partidas orzamentarias de destino

7.7.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRICIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|------------------|-------------------------|------------|------|------|----------|--------------|
| 103 | 50 | 50.01..411A.6214 | Equipamento informático | 2013.00001 | 1010 | N | 6.128,10 | 0,00 |





8. IMPREVISTOS

8.1. EXPEDIENTE TR-00-001-19

(Código exp. CODEX TR-2019-219-00400001)

8.1.1. Descrición

Transferencia de crédito entre os capítulos IV e VII, por importe de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00€) entre os programas de gasto 811B "transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da Comunidade Autónoma" e 551B "acción preventivas de infraestrutura forestal".

O obxecto desta transferencia é incrementar a dotación económica do convenio de colaboración, asinado entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga en materia de prevención de defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, dende o Fondo de Cooperación Local, de acordo co establecido no artigo 57.4 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019, e na nova redacción da cláusula quinta do referido convenio, realizada en virtude da addenda autorizada polo Consello da Xunta na súa reunión de 11-04-19 e asinada o 15-04-19.

8.1.2. Partidas orzamentarias de destino

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRIPCIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|-------------------|---|------------|------|------|--------------|--------------|
| 001 | 16 | 14.02..551B.74114 | Transf. capital a sociedades mercantís públicas autómicás | 2011.00771 | 1010 | N | 2.500.000,00 | 0,00 |

8.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

| COD. ENT. | COD. OF. | APLICACIÓN | DESCRIPCIÓN APLICACIÓN | PROXECTO | MOD. | ELX. | IMPORTE | CONSOLIDABLE |
|-----------|----------|------------------|---|------------|------|------|--------------|--------------|
| 001 | 12 | 21.01..811B.4601 | FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL, FONDO ADICIONAL | 2015.00619 | 1010 | N | 2.500.000,00 | 0,00 |





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E XUSTIZA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

| | |
|---|---|
| VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E XUSTIZA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS 13 XUN. 2019 SAIDA Num. 130 | PARLAMENTO DE GALICIA g Galicia RECEPCIÓN DE DOCUMENTOS 24 XUN. 2019 Núm. 51817 |
|---|---|

De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (excepto SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **primeiro trimestre de 2019**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Adinado por: GARCÍA SEROIRANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 12/06/2019 14:44:44

CSV: BOPGDSPG56QESZcOa8
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
CVE: sjgnqTZ81
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª- Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- do director da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) para informar "sobre a Axenda de impulso da industria forestal 2019-2021".

Santiago de Compostela,.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado por: GARCIA-SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 19/06/2019 11:41:02

verificacoin: <https://sede.xunta.gal/cve>



Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª- Sanidade, Política Social e Emprego- da secretaria xeral de Igualdade para dar conta do "informe sobre a prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero 2017 e 2018".

Santiago de Compostela, .

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 21/06/2019 13:42:30

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




CSV: BOPGDSPG56QESZc0a8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
URL de referencia:
Verificador: <https://sede.xunta.gal/sva>




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e a petición propia, do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea –da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- para **“dar conta das viaxes institucionais realizadas no primeiro semestre de 2019”**.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2019

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: BOPGDSPG56QESZcOa8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

REGISTRO XERAL ENTRADA

24 XUN. 2019

Núm.

51822

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

24 XUN. 2019

SAIDA

Num.

137

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos- da directora da Axencia Tributaria de Galicia para informar sobre “a programación levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2018”.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2019

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O uso e abuso de produtos fitosanitarios na agrogandeiría nos últimos anos aumentou considerablemente. De feito o Estado español, no ano 2016, con case 80.000 tn (fonte Eurostat), liderou o ranking europeo no uso destes produtos, e ten incrementado dende o ano 2011 en máis dun 6% as cantidades empregadas. Galiza non é un caso alleo a esta tendencia. Só en glifosato, por citar o produto que é actualidade polos seus efectos nocivos demostrados e prohibición de uso para o 2022, Galiza tería gastado no 2017 uns 10 millóns de euros.

Esta situación preocupa e podémola considerar de alerta dado o risco certo que este tipo de produtos teñen sobre a saúde.

A pesares de contar cun “Plan de Acción Nacional” para o uso sostible dos produtos fitosanitarios”, no que se marcan as directrices cara un bo uso e diminución destas sustancias; así coma que Galiza ten desenvolto as súas competencias nas inspeccións periódicas dos equipos de aplicación destes produtos, mediante o Decreto 60/2014, de 15 de maio, e de existir un Comité Fitosanitario Galego, a relaxación da Xunta de Galiza nesta cuestión é un feito. Problemáticas xa denunciadas nesta Cámara, coma o uso dos praguicidas sobre eucaliptais rociados en cultivos de Melide con Flufenoxuron, no 2012, e que a Consellería do Rural negaba enerxicamente a súa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perigosidade, sendo posteriormente vetado pola UE; ou que continua avanzando a desaparición das abellas na Galiza, por mor do uso de moitas destas sustancias; intoxicacións en invernadoiros e cultivos en horta; pois poñen de manifesto a necesidade dun maior control e seguimento sobre cal é a situación real e que incidencia pode estar causando sobre a poboación, e medio ambiente en xeral.

De feito bótase en falta, mesmo no portal de transparencia da Xunta de Galiza, a actividade desenvolta polo Comité Fitosanitario Galego, órgano Colexiado que debe velar polo bo uso deste tipo de sustancias, planificar anualmente medidas de inspección, a seguridade, reducir impactos ambientais derivados do manexo destas sustancias nocivas. descoñecemos da actividade desenvolta por este organismo e da que non se da publicidade.

Neste sentido sería de interese coñecer como dito organismo ten abordado o problema denunciado pola Fiscalía do Estado no que se solicitou aos gobernos de Galiza e León anular perto de 7.000 carnets de manipulación de produtos fitosanitarios obtidos fraudulentamente entre os anos 2015 e 2016. Ademais dende as centrais sindicais labregas denunciase que moitos destes cursos de formación de manexo foron ridículos, algúns deles obxecto de chistes e pullas que puxeron a proba a inventiva popular.

O problema está aí cruamente. Non vale a relaxación da Administración na súa responsabilidade de controlar o bo uso de herbicidas, insecticidas, fungicidas e demais sustancias químicas de carácter tóxico, de xeito reiterado, con escasa protección e cun manexo deficiente. Por exemplo, algúns destes produtos químicos, os órgano fosforados e carbamatos inhiben a actividade da encima acetilcolinesterasa (ACHE) no tecido nervioso e nos hematíes de carácter permanente no caso dos órgano fosforados e reversible no grupo dos carbamatos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todas aquelas persoas que profesionalmente, ou non, están expostas a un uso cotiá destas sustancias, deben dispor de tódalas garantías por parte da Administración, e dos seus órganos de control, para vixiar e detectar posibles exposicións a niveis de residuos perigosos, a un correcto asesoramento e formación, e informa dos riscos e afeccións a enfermidades crónicas a resultas destes usos e manexos. A aplicación destes produtos ten maior incidencia cando se trata de traballadores de empresas adicadas a labores por conta allea ou en prácticas agrícolas a cuberto en invernadoiros.

Cremos pois necesario que desde a Administración pública, e en particular dende o Comité Fitosanitario Galego, se faga un primeiro estudo entre a poboación de risco, continuado no tempo, establecendo as analíticas nos períodos de aplicación e nos de descanso para contrastar.

A actividade agrogandeira ten en si enfermidades de risco nunca consideradas coma tales.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas ten tomado ata o momento e cales pensa tomar diante da incidencia do uso de praguicidas na saúde dos traballadores e das traballadoras que os manipulan e nos cultivos nos que se usan?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2019 13:09:51

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2019 13:10:01

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2019 13:10:06

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2019 13:10:14

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2019 13:10:22

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2019 13:10:29



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o “World Economic Forum” informa que en 2050 haberá no mar máis plásticos que peixes. Os científicos advirten sobre o perigo para o medio ambiente e para os seres humanos do paso de microplásticos a través das cadeas e redes tróficas, xa que moitas especies mariñas son alimentos frecuentemente consumidos. Na actualidade, 14 institucións de 9 países europeos teñen realizado investigacións para coñecer con maior profundidade os efectos dos microplásticos nos seres vivos e nos ecosistemas.

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, coa súa impresionante biodiversidade, tamén está ameazado polo lixo mariño, que pode chegar a rachar o equilibrio ecosistémico e socioeconómico se non se toman medidas en tempo. Ese foi o motivo polo que, en 2018, se actuara na Illa de Sálvora -extraéronse milleiros de obxectos, a inmensa maioría fabricados con plástico, fundamentalmente cordas e cordeis de plástico cun diámetro inferior a un centímetro (un 42 % do total do lixo mariño detectado), microplásticos (21 %) e espumas sintéticas (6 %)- e polo que se decidiu continuar a actuación nas de Ons e Cortegada para este ano 2019.

Os principais obxectivos desta “II Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNMT Illas Atlánticas de Galicia” son:

1. Recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños do parque dende a sustentabilidade e a concienciación, implicando á poboación en xeral e, especialmente, ao sector pesqueiro, entidades do terceiro sector, centros de ensino ou concellos.
2. Fomentar o coñecemento, a xestión e a conservación dos recursos biolóxicos mariños, especialmente na Rede Natura 2000, dos espazos e dos hábitats mariños protexidos nas illas.
3. Fomentar accións de mellora do ecosistema, como a retirada de residuos nos fondos das praias das illas e doutros areas de influencia e a recollida de artes de pesca abandonadas ou perdidas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que lle parece ao Goberno galego a iniciativa “Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia”, que ten como fin reducir a presenza de residuos mariños no parque, posibilitando a recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños?
2. Ten intención o Goberno de implantar unha iniciativa semellante no resto das áreas protexidas competencia da Comunidade Autónoma?
3. Cando vai desenvolver o Goberno campañas de concienciación sobre os residuos mariños para implicar á poboación en xeral e, especialmente, ao sector pesqueiro, centros de ensino e concellos?
4. Ten intención o Goberno de desenvolver a limpeza de fondos mariños e praias na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 14 de xuño de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/06/2019 17:55:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2019 17:56:07

María Luisa Pierres López na data 14/06/2019 17:56:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O pasado 18 de xuño de 2019 o Comité de empresa de Alcoa da Coruña, acompañado doutros traballadores e traballadoras de empresas do sector industrial, desenvolvían un peche nas instalacións da Subdelegación do goberno español para protestar pola súa situación e pola falta de transparencia e diálogo por parte das administracións galega e estatal.

Nesa mañá emitían o seguinte comunicado:

“COMUNICADO DO COMITÉ DE EMPRESA DE ALCOA CORUÑA

O Comité de Empresa denuncia publicamente que o Goberno está a desentenderse das obrigas que adquiriu no proceso do ERE de Alcoa ao non responsabilizarse e dar as garantías ás que se comprometeu a primeiros de ano na decalarión institucional que firmou conxuntamente coas administracións autonómicas do Principado de Asturias e Xunta de Galicia.

Os traballadores sentímonos abandonados e traicionados polo Ministerio de Industria, que en estes momentos tan importantes do final do proceso de venda, onde hai que anclar un proxecto industrial co máximo de garantías para manter a actividade da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

producción do aluminio primario eo seu emprego, a administración central non só non aparece, se non que veta á representación legal dos traballadores (RLT) na reunión da Mesa Estatal de hoxe martes onde si vai estar o posible inversor (Parter) e as administracións autonómicas.

O Ministerio de Industria sabe que Alcoa esta presionando á RLT para que avalen un proxecto industrial, que o propio Ministerio está evitando facer evitando así acometer as garantías e avales comprometidos o 17 de xaneiro na declaración institucional que firmou conxuntamente coas administracións autonómicas para dar solución ao noso conflito.

Ante esta grave situación, o Comité de Empresa decidiu enviar o escrito que adxuntamos, e permanecer nas instalacións da Delegación do Goberno a modo de protesta o tempo necesario, ata que o Ministerio de Industria cumpra os seus compromisos de valedor das inversións que se necesiten e as garantías para o matemento do emprego, así como que requira e vixile que novo inversor cumpre co plan industrial executando as inversións comprometidas para manter o nivel de emprego e incluso incremental. ”

Ese mediodía o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo confirmaba en nota de prensa que en relación ao proceso de venda das plantas da empresa en Alcoa e Coruña primeiro, valorábase positivamente o preacordo acadado con Parter Capital Group, segundo presentaríase esa mesma tarde aos gobernos galego e asturiano o contido do Plan industrial proposto.

Por todo isto fórmulase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que valoración fai o goberno galego da oferta sobre Alcoa presentada por Parter Capital Group?

-Considera o goberno galego que nestes momentos se dan as condicións necesarias para unha compra venda exitosa?

-Considera a Xunta de Galiza que están garantidos os postos de traballo na Coruña?

-E a reactivación da electrólise e a produción de aluminio primario? En que datas? Con igual ou menor volume de actividade que o que tiña Alcoa?

-Como valora o goberno a xestión da crise de Alcoa pola Xunta de Galiza?

-Considera o goberno galego suficientes as vías de diálogo cos traballadores e traballadoras?

-Como analiza o mercado eléctrico? Que valoración e propostas fai das mudanzas a realizar?

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/06/2019 18:34:31

Xosé Luis Bará Torres na data 18/06/2019 18:34:43

María Montserrat Prado Cores na data 18/06/2019 18:34:49

Olalla Rodil Fernández na data 18/06/2019 18:34:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/06/2019 18:35:05

Ana Pontón Mondelo na data 18/06/2019 18:35:14



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, que continúa, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de Atención Primaria da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia. Recentemente vense de convocar unha nova folga de facultativos de Atención Primaria, que terá lugar no 19 de xuño.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da Atención Primaria. A pesares desta primeira intención, as medidas tomadas foron limitadas e non se percibe impacto delas, e moitas cuestións foron tratadas por parte dos asistentes pero non implementadas. Cabe sinalar que estas xornadas de traballo non contaron ao inicio con colectivos que participan (ou deberan) no deseño e funcionamento da atención primaria, e que a Xunta tentou de parchear a situación convidando a algúns deles a posteriori, aínda que non a todos.



Ademais de ser un funcionamento criticado, por ineficiente, lento e por non contar cunha representación completa do sistema senón con parte del, a Xunta de Galicia comeza agora a asumir a ineficiencia dos seus primeiros movementos ao abrir novos procesos de traballo ao que ten convidado a participar a expertos profesionais procedentes doutros lugares e con experiencias en gobernos semellantes, estando entre eles referentes de políticas sanitarias desenvolvidas por gobernos socialistas e de progreso.

Esta asunción implícita de ter estado no camiño incorrecto, e adoptar agora unha posición que antes fora rexeitada con soberbia, provoca un novo escenario que segue a ser mirado con desconfianza por unha boa parte do conxunto dos profesionais, que manteñen a convocatoria de folga.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Asume a Xunta de Galicia implicitamente que os seus intentos previos de calar as protestas foron errados outorgando agora a referencia na tarefa nova a un referente de gobernos socialistas en sanidade?
2. Considera a Xunta de Galicia que o modelo de funcionamento do sistema que promoveu está errado e por iso debe acudir a expertos con outros modelos asistenciais e de xestión?
3. Por que cre a Xunta de Galicia que se manteñen as mobilizacións de profesionais facultativos convocadas para o día 19 de xuño?
4. Por que seguen se resolverse os problemas en relación aos profesionais dos PAC de Galicia?
5. Que medidas vai a tomar a Xunta de Galicia para paliar a ausencia non resolta dun numeroso conxunto de xefes de servizo de atención primaria do área sanitaria de Vigo?

Pazo do Parlamento, 18 de xuño de 2019





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/06/2019 09:34:22

Noela Blanco Rodríguez na data 19/06/2019 09:34:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar para solucionar a situación de deterioro da Atención Primaria.

A Atención Primaria é o primeiro punto de contacto que teñen as persoas co sistema sanitario público, debería dar resposta a todos os problemas de saúde da poboación, independentemente da idade, sexo, situación persoal... e estar composta por equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación.

Lonxe disto, o PP ten un modelo de Atención Primaria fracasado, que está dificultando o acceso d@s galeg@s á sanidade pública e dificultando a prestación sanitaria de calidade. Está infradotada de persoal e de orzamento, falta de capacidade resolutiva pola imposibilidade de solicitar probas diagnósticas, sen protocolos claros para a derivación hospitalaria. Non resolve, non pode derivar, non pode dar a asistencia que a poboación demanda.

É necesario máis persoal, a convocatoria da totalidade das prazas vacantes. É preciso que remate coa precarización na contratación. O Sergas ten que facer atractiva a oferta laboral para @s profesionais, senón seguirase como até agora, que tras a formación que pagamos entre tod@s acaben contratados na sanidade privada ou marchen fóra. Os contratos de continuidade que sacou a Xunta teñen moi escasa aceptación pol@s profesionais @s que en teoría van destinados.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Partido Popular está empuxando á Atención Primaria cara o precipicio.

A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal, pola presenza dun número de profesionais insuficiente para atender a demanda existente.

Sobrecarga do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas, demoras nas citas de máis dunha semana, de 10 días de media, teléfono desbordado. Todo isto leva a un aumento das persoas que se ven obrigadas a acudir aos PAC para que as atendan, que tamén traballan continuamente baixo mínimos.

Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.

Diante desta situación fórmase a seguinte interpelación:

-Até cando pensa manter o actual modelo fracasado de Atención Primaria?

-Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego?

-Vai aumentar as prazas de formación para as especialidades de Atención Primaria , nomeadamente, pediatría e medicina familiar e comunitaria en número suficiente?

-Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicólog@s clínic@s, terapeutas ocupacionais, logopedas?

-Vai proceder á recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade de decisión, resolutiva e orzamentaria, ou vai manter a situación de secundarización na que se atopa?

-Vai proceder ao aumento do investimento que precisa a Atención Primaria até chegar ao 25% do orzamento como recomendas @s expert@s?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 12:57:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 12:57:38

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 12:57:45

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 12:57:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 12:58:01

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 12:58:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar para rematar coa precariedade laboral da clase traballadora galega.

O informe que ven de publicar o IGE sobre a remuneración do factor de traballo na economía galega, en comparación co Estado español e coa Unión Europea, mostra que a clase obreira galega a que das máis prexudicadas polos ataques sufridos en beneficio do capital como as reformas laborais.

Segundo este informe no ano 2009 o peso dos salarios en Galiza representaban o 48% do PIB, pasando a representar o 42.4% no 2018, unha rebaixa de 5.6 puntos en tan só nove anos.

A remuneración da hora efectiva de traballo está en Galiza en 17 euros, mentres na media da UE é de 23.7 euros, é dicir que @s galeg@s cobran de media o 72% da UE. Unha media de 6.7 euros menos, e 2.7 euros menos ca media do Estado.

Outros datos que reflicte o estudo do IGE é que o 24% d@s galeg@s realizan xornadas laborais por enriba das corenta horas e que se fan fóra da xornada de traballo moitas horas, e no referido á remuneración un 22.1% recoñecen que non son compensados en tempo libre nin economicamente cando realizan horas extraordinarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes datos móstrannos ás claras como a consecuencia da aplicación de políticas económicas profundamente neoliberais e as modificación legislativas contrarias á maioría social levan á miles de galeg@s a situacións laborais límites, ao tempo que se está a producir un fraude á Seguridade Social e a Facenda.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

-Que accións vai realizar o Goberno galego para revertir a situación laboral límite na que están miles de galeg@s?

-Fai facer a Xunta de Galiza unha rectificación das súas políticas económicas ao constatare que @s traballadores e traballadoras galegas son dos peor parados da Unión Europea?

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, que continúa, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de Atención Primaria da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia. Recentemente vense de convocar unha nova folga de facultativos de Atención Primaria, que terá lugar no 19 de xuño.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da Atención Primaria. A pesares desta primeira intención, as medidas tomadas foron limitadas e non se percibe impacto delas, e moitas cuestións foron tratadas por parte dos asistentes pero non implementadas. Cabe sinalar que estas xornadas de traballo non contaron ao inicio con colectivos que participan (ou deberan) no deseño e funcionamento da atención primaria, e que a Xunta tentou de parchear a situación convidando a algúns deles a posteriori, aínda que non a todos.



Ademais de ser un funcionamento criticado, por ineficiente, lento e por non contar cunha representación completa do sistema senón con parte del, a Xunta de Galicia comeza agora a asumir a ineficiencia dos seus primeiros movementos ao abrir novos procesos de traballo ao que ten convidado a participar a expertos profesionais procedentes doutros lugares e con experiencias en gobernos semellantes, estando entre eles referentes de políticas sanitarias desenvolvidas por gobernos socialistas e de progreso.

Esta asunción implícita de ter estado no camiño incorrecto, e adoptar agora unha posición que antes fora rexeitada con soberbia, provoca un novo escenario que segue a ser mirado con desconfianza por unha boa parte do conxunto dos profesionais, que manteñen a convocatoria de folga.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Asume a Xunta de Galicia implicitamente que os seus intentos previos de calar as protestas foron errados outorgando agora a referencia na tarefa nova a un referente de gobernos socialistas en sanidade?

Pazo do Parlamento, 18 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/06/2019 09:33:06

Noela Blanco Rodríguez na data 19/06/2019 09:33:17





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

No pasado mes de abril fíxose pública a convocatoria de 11 prazas de promoción interna na administración de xustiza para o ámbito de Galiza (8 prazas de Xestión e 3 de Tramitación), correspondentes á OPE de 2017 e 2018 que se acumularon, en Coordinación co Ministerio de Xustiza. Para as primeiras presentáronse 60 solicitudes e para as outras un total de 15.

O BOE do pasado venres, día 14 de xuño anunciou que os aspirantes dos ámbitos territoriais de Asturias, Aragón, Galiza e A Ríoxa examinaranse en Madrid os días 29 e 30 de xuño. Unha información que xa deu a coñecer o Ministerio o pasado día 6 de xuño na Mesa Sectorial celebrada en Madrid onde se lle comunicou ás representacións sindicais que naqueles ámbitos que non alcanzaran as 100 solicitudes examinaríanse en Madrid.

Unha decisión que foi duramente criticada polos representantes sindicais da CIG, que tamén denunciaron publicamente este feito. Cómpre ter en conta que o desprazamento a Madrid supón un elevado custo económico polas despesas de desprazamento e aloxamento, polo que algunhas das persoas aspirantes valoran a posibilidade de non presentarse.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG comparte a demanda da CIG para que a Dirección Xeral de Xustiza poida a disposición do Ministerio os medios necesarios para as 75 persoas inscritas poidan realizar as probas en Galiza; xa se fixo así noutras ocasións, nas que se habilitaron espazos da EGAP.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións fixo a Xunta de Galiza para que as probas correspondentes a 11 prazas de promoción interna na administración de xustiza para o ámbito de Galiza (8 prazas de Xestión e 3 de Tramitación), correspondentes á OPE de 2017 e 2018, se realicen en Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/06/2019 13:06:59

Noa Presas Bergantiños na data 19/06/2019 13:07:05

Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2019 13:07:12

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/06/2019 13:07:20

Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2019 13:07:28

María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2019 13:07:40



A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A incorporación de mozas e mozos á actividade agraria é un obxectivo estratéxico do programa de desenvolvemento rural galego 2014-2020. Ademais constitúe un dos obxectivos esenciais do plan estratéxico nacional de España para a negociación da PAC do período 2021-2027, actualmente en tramitación.

A Xunta de Galicia, do mesmo xeito que outras Comunidades Autónomas, está a realizar un importante esforzo para lograr este obxectivo, mediante a habilitación de axudas para a creación de empresas por empresarios novos.

Hai dous anos, o Grupo Parlamentario Popular presentou no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei na cal instábase ao ministerio a modificar a normativa que regula o IRPF, para que a axuda percibida polo mozo non tribute no primeiro ano na súa totalidade, como viña sendo ata o de agora, senón que se reparta durante o período de amortización do activo adquirido, sempre cun mínimo de cinco anos.

Este acordo foi aprobado co obxecto de rebaixar a presión fiscal sobre os agricultores mozos beneficiarios que se incorporan nunha dobre vertente: por unha banda, evita que toda a tributación se concentre no primeiro ano de actividade, xa que é cando máis dificultades teñen os mozos para pagar. Por outra banda, ao repartirse en varios anos esa tributación (sempre cun mínimo de cinco), o beneficiario paga menos polo



efecto da progresividade do imposto. Co cal, o resultado final será que o gandeiro ou agricultor pagará menos e terá máis tempo para afrontar esta obriga fiscal.

Por todo isto e tendo en conta o acordo aprobado nesta cámara, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo aprobado nesta Cámara sobre a modificación da normativa que regula o IRPF, para que a axuda percibida polo mozo non tribute no primeiro ano na súa totalidade, senón que se reparta durante o período de amortización do activo adquirido sempre cun mínimo de cinco anos?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 19/06/2019 13:54:48

Jesús Miguel Prado Patiño na data 19/06/2019 13:55:17

Raquel Arias Rodríguez na data 19/06/2019 13:55:31

Carlos Gómez Salgado na data 19/06/2019 13:55:57

Jacobo Moreira Ferro na data 19/06/2019 13:56:12

Daniel Vega Pérez na data 19/06/2019 13:56:27

Rosa Oubiña Solla na data 19/06/2019 13:56:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a inclusión da saída sur de Vigo no Corredor Atlántico.

É coñecida a postura deste grupo e deste deputado na defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto nas Redes Transeuropeas de Transporte, nomeadamente no denominado Corredor Atlántico. Son multitude as ocasións nas que trasladamos esta demanda, tanto no Congreso dos Deputados como no Parlamento galego, contando incluso con iniciativas parlamentares aprobadas, tanto na Cámara baixa como no Parlamento galego e no Parlamento Europeo a iniciativa de deputados portugueses.

Recentemente, transcendeu que o Director Xeral de Mobilidade da Xunta participou en Bruxelas nunha reunión do grupo de traballo sobre o Corredor Atlántico ferroviario. As informacións publicadas, indican que a Dirección Xeral de Transportes da UE sinalou que a saída sur de Vigo vai “formar parte da Rede Básica europea de transportes”.

Unha afirmación vertida nos medios de comunicación que sería importante que tivese un soporte oficial e por escrito, formal, por parte das Administracións implicadas, tanto a Xunta como o Goberno do Estado. E que se procedese a dar cumprida información, veraz e transparente sobre esta decisión.

Hai que lembrar que en marzo pasado a UE desbotou a inclusión do eixe Vigo-Porto na Rede Básica, ficando relegada á rede secundaria. Decisión que censuramos porque se trata dunha conexión fundamental para lle dar sentido ao Corredor Atlántico e posibilitar o desenvolvemento económico, da euro rexión





Galicia-Portugal. Saben perfectamente as administracións que deixar a conexión Vigo-Porto na rede secundaria, a rede global, limita enormemente o acceso aos fondos comunitarios para proceder á súa modernización, limita a competitividade e o desenvolvemento futuro do Porto de Vigo, comprometendo enormemente as súas posibilidades futuras.

A noticia da posíbel inclusión da saída sur de Vigo na Rede Básica é un paso que consideramos sería necesario explicar.

Por todo o exposto, formúlase a seguinte pregunta:

- Que información formal pode aportar a Xunta en relación ao anuncio realizado de que a saída sur de Vigo formará parte da Rede Básica Europea de Transportes?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 19/06/2019 15:53:12





Marcos Cal Ogando na data 19/06/2019 15:53:32



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O xabaril, que ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural galego en xeral o agocho perfecto para a súa expansión. A proliferación do bosque e do mato son o escenario perfecto para a súa reprodución.

Os continuos estragos producidos polo xabaril están ocasionando graves problemas de diversa índole, como son os económicos, os ambientais, os sociais ou os de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais de tamaño familiar e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

No relativo aos danos económicos, son moi preocupantes os producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas e noutras producións e cultivos, coma a vide ou a castaña. Esta situación xera que as e os gandeiros non poidan utilizar a herba para alimentar aos seus animais, obrigándoos a mercar o alimento e destinar cartos a algo que poderían ter cuberto de non ser polos estragos deste animal salvaxe.

Por iso, os deputados que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego elaborar, antes de rematar o ano 2019, un plan estratéxico do xabaril, que nos permita coñecer o alcance dos danos das mandas deste animal no campo galego?

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2019





Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/06/2019 10:51:05

Raúl Fernández Fernández na data 20/06/2019 10:51:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á concesión no peirao da Pobra por parte de Portos de Galiza dunha importante zona a unha empresa que reduce significativamente a área de traballo no mesmo.

O porto da Pobra do Caramiñal ten, dende a súa posta en marcha, un papel moi importante na economía non só do municipio senón tamén da comarca, pois nel se descarga gran parte dos tñidos demandados e manipulados polas firmas transformadoras ubicadas na Barbanza, e tamén fóra. Empresas como Jealsa, Escurís, Actemsa, Albacora, Salica, Congalsa, Frinsa ou Alicrusa basean a súa fortaleza empresarial na proximidade e eficacia das instalacións da Pobra.

Non é sinxelo aportar cifras, pois a web de Portos de Galiza só informa dos datos do período 2010 a 2013. Nese cuadrienio as descargas de tñidos na Pobra do Caramiñal pasaron de 86.789TM a 110.024TM. E si atendemos as cifras dadas por medios informativos do sector, no 2015 superáronse as 114.000MT e o 2018 foi posiblemente un ano de récord.



Os números agora manexados son de difícil superación, pois para melloralos sería preciso acurtar o período de descarga dos buques, ou sexa, o número de días de estada dos barcos en porto, que en algún medio se calcula en vinte ou vinte e dous días. Este tapón pode ter unha dupla orixe: a capacidade de transformación das industrias conserveiras e a de almacenamento do peixe conxelado.

Para incidir na primeira é preciso saber se as empresas teñen marxe para incrementar os seus niveis de produción máis tamén os de venda, de captación de novos e máis amplos mercados. A segunda, o almacenamento, ten, a priori, un tratamento máis doado: construír novas instalacións dunha forma rápida, económica e eficiente.

ALICRUSA, é unha empresa ubicada no polígono industrial da Tomada (A Pobra do Caramiñal) adicada ao almacenamento frigorífico de túnidos (din dispor de 30.000 metros cúbicos) e a elaboración de pratos precociñados (baixo a marca Pescasana – Cocinoyo) e tamén á produción de marca branca, que no ano 2018 obtivo da Xunta de Galiza unha axuda de 930.000 euros para a optimización dos seus procesos e sistemas de xestión no tratamento de túnidos.

Solicita a concesión dunha área de 110 x 15 metros (1.650 metros cadrados) na explanada do peirao comercial da Pobra do Caramiñal, co obxectivo de almacenar en tal superficie un máximo de 84 contedores de corenta pés (40'), agrupados en bloques de 3 (base) x 4 (altura). Estes contedores teñen a seguintes dimensións exteriores: 12,19m x 2,44m x 2,59m – largo x ancho x alto. A máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén solicita a instalación de dúas estruturas metálicas de 8,70 metros de altura para o acceso aos contedores e outra serie de equipos e maquinaria conexas á instalación.

A instalación solicitada reduciría enormemente a área de traballo e tránsito do porto da Pobra do Caramiñal, na que se moven ao mesmo tempo camións, coches privados, contedores e traballadores, dificultando o movemento de vehículos e persoas e incrementando, sen dúbida, a posibilidade de accidentes con risco para as persoas que alí traballan.

Compre destacar que no mesmo lugar e momento poden estar movéndose camións abertos que transportan tñidos, contedores recibindo directamente a carga no seu interior, cintas, aparellos mecánicos e guindastres de gran porte ocupados na descarga, e tamén camións que subministren aos buque combustibles ou descarguen daqueles aceites residuais ou augas sucias.

Toda esta actividade, que xa é complicada na actualidade, desenvolveríase nun espazo considerabelmente reducido pola área concedida para almacenamento a ALICRUSA, co que iso implicaría para a seguridade das persoas.

Por outra parte, o porto da Pobra do Caramiñal conta con zonas ociosas, sen utilización práctica ningunha, nomeadamente nas inmediacións do edificio da Lonxa, que poderían acoller un amplo parque de contedores, con moi boas posibilidades de expansión, a menos de cincocentos metros da área solicitada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para a súa contestación oral en Pleno:

Que razóns motivan a concesión da área sinalada, tendo en conta a restrición de espazo e capacidade de movemento de vehículos e traballadores que iso implicaría?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 12:28:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 12:29:23

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 12:29:35

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 12:29:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 12:29:54

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 12:30:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para solucionar a situación de deterioro da Atención Primaria.

A Atención Primaria é o primeiro punto de contacto que teñen as persoas co sistema sanitario público, debería dar resposta a todos os problemas de saúde da poboación, independentemente da idade, sexo, situación persoal... e estar composta por equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación.

Lonxe disto, o PP ten un modelo de Atención Primaria fracasado, que está dificultando o acceso d@s galeg@s á sanidade pública e dificultando a prestación sanitaria de calidade. Está infradotada de persoal e de orzamento, falta de capacidade resolutiva pola imposibilidade de solicitar probas diagnósticas, sen protocolos claros para a derivación hospitalaria. Non resolve, non pode derivar, non pode dar a asistencia que a poboación demanda.

É necesario máis persoal, a convocatoria da totalidade das prazas vacantes. É preciso que remate coa precarización na contratación. O Sergas ten que facer atractiva a oferta laboral para @s profesionais, senón seguirase como até agora, que tras a formación que pagamos entre tod@s acaben contratados na sanidade privada ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marchen fóra. Os contratos de continuidade que sacou a Xunta teñen moi escasa aceptación pol@s profesionais @s que en teoría van destinados.

O Partido Popular está empuxando á Atención Primaria cara o precipicio.

A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal, pola presenza dun número de profesionais insuficiente para atender a demanda existente.

Sobrecarga do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas, demoras nas citas de máis dunha semana, de 10 días de media, teléfono desbordado. Todo isto leva a un aumento das persoas que se ven obrigadas a acudir aos PAC para que as atendan, que tamén traballan continuamente baixo mínimos.

Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.

Diante desta situación formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Pleno:

Até cando pensa manter o actual modelo fracasado de Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 12:53:30

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 12:53:40

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 12:53:46

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 12:53:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 12:54:00

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 12:54:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Flora Miranda Pena, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A oposición á mina de Touro é case unánime. Incluso Augas de Galicia e o Defensor do Pobo advirten acerca do seu inmenso potencial contaminante.

Augas de Galicia vén de abrir un expediente sancionador a Explotaciones Gallegas, máximo accionista de Cobre San Rafael, impulsor da reapertura da mina, por realizar obras non autorizadas na cabeceira do rego Portapego. Segundo a acta de inspección, a empresa desviou o curso do rego e subtraeu augas públicas, polo que o caudal, que arrastraba lodos da mina, rebordou polas rúas de Fontedíaz, en Touro.

Non é a primeira vez que Augas de Galicia sinala o risco tremendo que a mina de Touro supón para a contorna natural. O ano pasado denunciou que tódolos ríos dos arredores estaban xa contaminados, tal e como indicaban os datos das análíticas realizadas e tódolos puntos de control do lugar:

- As augas soterradas presentaban unha calidade ambiental moi baixa. Achouse nelas cadmio e níquel, ademais de zinc e cobre por enriba das medidas anuais, e unha alta acidez.
- As augas superficiais para consumo humano superaron en dous anos (2010 e 2013) os niveis de cadmio.
- No río Lañas superáronse os valores paramétricos de aluminio e manganeso.
- No río Ulla detectáronse picos de ferro en 2008 e 2013.





- Na bacía do río Brandelos observouse unha intensa contaminación de cobre e zinc, ademais dunha elevada acidez.

A contaminación presente na contorna da mina ten, como non podería ser doutro xeito, un efecto moi prexudicial para a natureza. Segundo un estudo realizado por investigadores e investigadoras da Universidade de Vigo, da Universidade de Swansea (Gales) e do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, con sede en Vigo, a actividade mineira que se levou a cabo en Touro entre os anos 1973 e 1986 reduciu o número de salmóns no río Ulla, así como o seu tamaño. O responsable de que isto sucedera foi o cobre que se extraeu da mina. Os investigadores analizaron os restos de metais pesados nas escamas de case 500 salmóns capturados no Ulla durante máis de medio século, de 1951 a 2012, e compararon os valores cunha mostra control tomada no río Miño. A análise demostrou que se producira unha maior bioacumulación de cobre nos peixes do Ulla que coincidía co período de actividade mineira. Foi por iso que se produciu un descenso significativo do número de salmóns no río que aínda hoxe non foi revertido.

Se a actividade mineira de Touro se reactivase, podería afectar tamén ao marisqueo, xa que a contaminación do Ulla chegaría ata a súa desembocadura, na ría de Arousa. Deste xeito, suporía a destrución de postos de traballo respectuosos coa natureza a cambio doutros que porían en risco o medio natural.

Cómpre, polo tanto, preguntarse cal é o efecto que a contaminación detectada por Augas de Galicia ten nestes momentos para as especies animais da contorna da mina de Touro; cómpre, así mesmo, esixir ao Goberno galego que tome medidas para deter a catástrofe da explotación mineira.





Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Avaliou a Xunta de Galicia os efectos que tivo ata o momento no peixe e no marisco a contaminación causada pola mina de Touro?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 20/06/2019 13:13:46

Flora María Miranda Pena na data 20/06/2019 13:14:00



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servizos sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O informe do Consello de Contas de 2016, ademais de alertar sobre ineficiencias na xestión da Consellería de Política Social, e especialmente no eido de atención aos maiores e ás persoas dependentes. Chama a atención este informe tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos centros residenciais, en especial daqueles cuxa xestión está privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do cociente do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais, do uso inadecuado das instalacións, das deficiencias nos protocolos de funcionamento, da falta de rigor dos rexistros... A pesares de que estes son factores que repercuten na calidade do servizo que se presta aos residentes, a Xunta de Galicia non iniciou expedientes sancionadores nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron posteriormente a ser notificadas.

O caso específico do centro situado en Ribadumia resulta paradigmático dos problemas laborais que redundan en problemas de calidade asistencial, nestes centros residenciais que prestan servizos en concesión para a Xunta de Galicia.

Neste centro os traballadores e traballadoras veñen manifestando recentemente as súas queixas coa dirección do centro e da empresa concesionaria, pola alteración unilateral e non xustificada de quendas, o exceso de labores a afrontar para un volume de persoal menor do minimamente necesario e pola desatención das propias reivindicacións que se vén facendo dende a dirección.

Estas situacións provocan, a pesares do esforzo dos/as traballadores/as do centro, unha perda de calidade na atención as persoas alí residentes. O colectivo do



persoal traballador ten feito públicas algunhas situacións non aceptables á que se vén obrigados para cumprir, minimamente coas tarefas asignadas. Alterar notoriamente os horarios dos residentes, incluso asealos a horas intempestivas para poder cadrar horarios, atender de maneira desordenada durante comidas a pacientes, provocarse demoras forzadas de excesivos tempos para o traslado de persoas a estancias do centro e outras cuestións que para o persoal supón un custo persoal sobre a capacidade de desenvolver correctamente as súas funcións.

Estas, e outras situacións, danse polo desleixo e abandono da Xunta de Galicia na súa función de vixiar e controlar que o servizo se preste nas mellores condicións, e pola desatención e desapego á hora de garantir as condicións laborais necesarias para o conxunto de traballadores e traballadoras dos centros residenciais, en específico neste caso para o centro de Ribadumia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia desatende a función de garantir a calidade do servizo no centro sociosanitario de Ribadumia?

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2019 16:51:32

Noela Blanco Rodríguez na data 20/06/2019 16:51:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A escola unitaria do CRA de Narón foi pechada no mes de xuño de 2018 por non conseguir o número mínimo de alumnos (6) requirido pola Consellería de Educación. A Xunta asegurou entón que a clausura non era definitiva, senón que podería ser revocada no caso de que no próximo curso se matriculasen suficientes rapaces. Unha vez aberto o prazo de admisión para o curso 2019-2020, a unitaria recibiu as seis solicitudes que precisaba.

O 28 de marzo aprobouse no pleno do concello de Narón unha Moción para instar á Consellería de Educación a reabrir a escola de Pedroso, tal e como se comprometera a facer. Porén, a Consellería ignorou as demandas do pleno.

O 17 de abril, en plena campaña electoral das eleccións xerais e na precampaña das eleccións municipais, a Consellería de Educación recibiu unha representación das familias que reclamaban a reapertura do centro. Foron da man do candidato á alcaldía de Narón do Partido Popular, Germán Castrillón. Nesa xuntanza, a conselleira subliñou a importancia que tiñan para ela as escolas do rural. Non obstante, non fixo nada para garantir a reapertura da unitaria, como se comprometera a facer o Goberno galego no seu día.

Por esta razón, os pais e nais dos alumnos e alumnas, así como a comunidade educativa, convocou o 21 de maio unha concentración diante da escola. A mobilización repetiuse tódolos martes para esixir unha resposta da conselleira.





Tamén se recolleron un total de 1.600 firmas que foron entregadas por rexistro e en man á conselleira. A conselleira manifestou entón que tiña a vontade de reabrir a escola. No mesmo sentido manifestouse o xefe territorial.

Con todo, a día de hoxe aínda non se adoptaron medidas para que a escola unitaria do CRA de Narón abra con normalidade o vindeiro curso.

A situación é deshonesto e inxusta. Deshonesto, porque supón o incumprimento flagrante dunha promesa do Goberno galego á cidadanía de Narón; e inxusta, porque o censo municipal garantiría a continuidade do centro. No ano 2017 naceron 7 nenos e nenas; no ano 2018, 9; e no que vai de 2019 5.

A pesar de todo, se este ano non se reabre o centro é posible que non se volva abrir xamais.

Deste xeito, a Xunta de Galicia sumaría nesta que chama a “lexislatura do rural” unha nova escola rural pechada.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ten intención a Xunta de Galicia de reabrir a escola unitaria do CRA de Narón tal e como se comprometeu facer no seu día?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/06/2019 17:37:39

Luca Chao Pérez na data 20/06/2019 17:37:53





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para rematar coa precariedade laboral da clase traballadora galega.

O informe que ven de publicar o IGE sobre a remuneración do factor de traballo na economía galega, en comparación co Estado español e coa Unión Europea, mostra que a clase obreira galega a que das máis prexudicadas polos ataques sufridos en beneficio do capital como as reformas laborais.

Segundo este informe no ano 2009 o peso dos salarios en Galiza representaban o 48% do PIB, pasando a representar o 42.4% no 2018, unha rebaixa de 5.6 puntos en tan só nove anos.

A remuneración da hora efectiva de traballo está en Galiza en 17 euros, mentres na media da UE é de 23.7 euros, é dicir que @s galeg@s cobran de media o 72% da UE. Unha media de 6.7 euros menos, e 2.7 euros menos ca media do Estado.

Outros datos que reflicte o estudo do IGE é que o 24% d@s galeg@s realizan xornadas laborais por enriba das corenta horas e que se fan fóra da xornada de traballo moitas horas, e no referido á remuneración un 22.1% recoñecen que non son compensados en tempo libre nin economicamente cando realizan horas extraordinarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes datos móstrannos ás claras como a consecuencia da aplicación de políticas económicas profundamente neoliberais e as modificación lexislativas contrarias á maioría social levan á miles de galeg@s a situacións laborais límites, ao tempo que se está a producir un fraude á Seguridade Social e a Facenda.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Que accións vai realizar o Goberno galego para revertir a situación laboral límite na que están miles de galeg@s?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 17:47:35

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 17:47:43

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 17:47:57

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 17:48:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 17:48:17

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 17:48:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral Pleno**, relativa á situación laboral das mulleres galegas.

A desigualdade no ámbito laboral entre homes e mulleres é unha realidade que se mantén e que seguen a mostrar todas as estatísticas. O emprego feminino segue sendo máis precario e peor pagado que o masculino.

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) en Galiza as mulleres son maioría nos contratos temporais e nos de menos remuneración e teñen menos acceso a contratos indefinido, catro puntos por debaixo. As expectativas de que un contrato se converta en indefinido son dun 7% inferiores, 12.8% para as mulleres fronte a un 19.8% para os homes.

Consecuencia desta realidade salarial é que a fenda salarial segundo os datos de Facenda de 2017, é superior ao 21.5% , 4.400 euros ao ano.

O Partido Popular leva 10 anos cunhas políticas económicas e laborais que son letais para as mulleres toda vez que o balance deste período só fixo empeorar.

O laboral é un ámbito fundamental para o empoderamento das mulleres, imposíbel de acadar sen autonomía económica, por estas razóns o Grupo Parlamentar do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte pregunta para a súa contestación oral en Pleno:

Que actuacións está realizando o Goberno galego para rectificar esta situación de cronificación da precariedade, temporalidade e fenda salarial das mulleres galegas?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 18:27:39

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 18:27:47

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 18:27:54






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 18:28:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 18:28:08

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 18:28:15





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

